– Aprobación da 4.ª fase da anualidade 2004 da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación, incluídas no IV Convenio de Cooperación subscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

– Aprobación da modificación do proxecto da obra "Mellora de equipamentos e infraestruturas municipais" do Concello de Corcubión, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005. Código 05.3200.0074.0.

– Aprobación de Convenio marco entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e as empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular as instalacións de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais.

– Aprobación do Plan de vías provinciais 2006, 5.ª fase, integrado no proxecto de obra complementaria n.º 2 das do proxecto de ampliación e mellora do trazado na E.P. 7901 de Chorén ao Lugar da Cruz.

– Aprobación provisional á 1.ª relación do Plan de travesías 2006, 2.ª fase, integrada polos proxectos de mellora da iluminación pública na E.P. 4307 Malpica a Ponteceso entre os p.k. 0,8 a 5,48 (Malpica) e realización da travesía no lugar de Dumbria, 1.ª fase (Dumbria).

– Aprobación provisional da 2.ª relación do Plan de travesías 2006, 1.ª fase integrada polos proxectos da travesía e seguridade viaria na E.P. 0513 Paosaco-Caión (tramo da Torre-A La-

racha), travesía na E.P. 8401 Tablilla-Agro do Mestre (O Petón e A Pontepedra-Tordoia), e dar un prazo ao Concello de Oroso para a obra prolongación da travesía Avda. da Grabanxa en Si-geiro (Oroso).

– Aprobación do proxecto reformado da E.P. 3802 Ordes a Ponte Carreira, p.k. 17 a p.k. 17,16 (Frades) incluído na 1.ª fase do Plan de travesías 2005.

– Modificación das actuacións da segunda e terceira anualidades do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

– Addenda ao Convenio administrativo para financiar a achega provincial prevista no Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, a través de convenio que se vai asinar coa Consellería de Innovación e Industria.

– Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Deputación Provincial da Coruña para financiar o Plan de dinamización de produto turístico Ferrol-Ortega.

– Convenio relativo ao proxecto e orzamento da obra de urbanización do polígono das "Lagoas" de Narón.

– Convenio administrativo entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios da Agrela para o financiamento da construción de novas prazas de aparcadoiros que se van realizar no Polígono da Agrela, A Coruña.

O PRESIDENTE

Asdo. Salvador Fernández Moreda

393-x

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Promoción Económica

Servizo de Fomento

Sección de Promoción Económica

ANUNCIO

Aprobación da modificación do proxecto da obra do Concello de Ribeira "Restauración do adro da igrexa de San Pedro (Palmeira)", incluída no plan de liquidación de 2000 de recuperación da arquitectura popular. Códigos: 99.4100.0429 E 00.4100.0429.0

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2006 adoptou o acordo de aprobación do seguinte asunto:

Aprobación da modificación do proxecto da obra do Concello de Ribeira "Restauración do adro da igrexa de San Pedro (Palmeira)", incluída no plan de liquidación de 2000 de recuperación da arquitectura popular. Códigos: 99.4100.0429 e 00.4100.0429.0

O que se expón ao público polo prazo de dez días, contado desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan presentarse as reclamacións ou alegacións que se consideren oportunas, do que queda de manifesto o seu correspondente expediente na Sección de Promoción Económica.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2007

O PRESIDENTE

Salvador Fernández Moreda

A SECRETARIA ACCTAL

Mª Amparo C. Taboada Gil

692-x

IV.2 MUNICIPAL

ARES

EDICTO

Aprobación definitiva proxecto de compensación área reparto 3. PNC-3

Faise público que a Xunta de Goberno Local de 9 de xaneiro de 2007 adoptou o acordo que literalmente di:

"Punto núm. 2.- APROBACIÓN DEFINITIVA PROXECTO DE COMPENSACIÓN PNC-3

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación do proxecto de compensación de área de reparto 3 "PNC-3" do PXOM e remitido a este Concello pola Entidade Junta de Compensación PNC-3.

Atendido que por acordo da Xunta de Goberno do día 24-10-06 foron aprobados con carácter definitivo o proxecto de Estatutos e Bases de Actuación, e con data 07-11-06 perante o Notario de Ferrol Dn. Bruno Otero Alfonso, foi consituída en documento público a Xunta de Compensación, cuia escritura de constitución foi aprobada pola Xunta de Goberno o día 30-11-06.

Atendido que emitido informe polos servizos de urbanismo de 04-01-07, sobre compensación económico da monetarización do 10 por 100 do aproveitamento lucrativo correspondente ó Concello en dita área de reparto 3 "PNC-3", resulta unha compensación económica para o Concello de 38.542,70 Euros.

Pola presente, A Xunta de Goberno por unanimidade en uso das competencias conferidas polo artigo 21.1 J) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co artigo 157.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, VEN EN RESOLVER:

Primeiro.- Aprobar con carácter definitivo o Proxecto de Compensación do Polígono PNC-3 do P.X.O.M correspondente a Entidade Urbanística de Compensación do ámbito de execución do Polígono PNC-3.

Segundo.- Aprobala monetarización do 10 por 100 do aproveitamento lucrativo correspondente ó Concello de Ares calculada polos servizos Urbanísticos na contía de 38.542,70 Euros.

Compensación económica ó Concello 38.542,70 Euros.

Terceiro.- Dita cantidade abonarase no prazo máximo de quince días contados a partir da notificación do presente acordo.

Cuarto.- A presente aprobación producirá a cesión de dereito a este Concello, no Pleno Dominio e libre de cargas, de tódolos terreos de cesión obligatoria e gratuita segundo o P.X.O.M e a súa incorporación ó Patrimonio Municipal do Solo ou a súa afectación ós usos previstos no mesmo.

Quinto.- As cantidades correspondentes á monetarización do 10 por 100 do aproveitamento lucrativo correspondente ó Concello serán destinadas ó Patrimonio Municipal do Solo.

Sexto.- Someter a información pública o presente acordo mediante a súa inserción no B.O.P., para que durante o termo de 15 días seguintes ó da publicación se poidan presenta-las alegacións que se estimen oportunas por parte das consideradas como afectadas."

Ares, a 17 de xaneiro de 2007.

O Alcalde,

Asdo. José Manuel Cendán Fernández

NARÓN

ANUNCIO

Emenda. Persoal

Publicado no BOP nº 11 de data 15 de xaneiro de 2007 a lista definitiva de admitidos e data de celebración do primeiro exercicio da oposición para a provisión en propiedade de 1 praza de Traballador social e existindo un erro na mesma faise a seguinte rectificación:

No punto terceiro onde pon "O tribunal que xulgará a praza constituirase o día 21 de febreiro do ano que está a correr, ás 9,30 horas, no terceiro andar da Casa do Concello de Narón.", debe por "O tribunal que xulgará a praza constituirase o día 26 de febreiro do ano que está a correr, ás 9,30 horas, no terceiro andar da Casa do Concello de Narón

No punto cuarto onde pon "Os/as aspirantes deberán presentarse ás 10,00 horas do día 21 de febreiro de 2007, para a realización do primeiro exercicio no segundo andar da Casa do Concello de Narón", debe por "Os/as aspirantes deberán presentarse ás 10,00 horas do día 26 de febreiro de 2007, para a realización do primeiro exercicio no segundo andar da Casa do Concello de Narón"

Narón, 18 de xaneiro de 2007.

O ALCALDE

Asdo.: Juan Gato Díaz

680-0



PONTECESO

EDICTO

Aprobación definitiva do orzamento municipal para o exercicio 2007

O Pleno do Concello de Ponteceso aprobou inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2007 por acordo adoptado en sesión do dezanove de decembro de dous mil seis, sendo dito orzamento definitivo por non terse interposto reclamacións no prazo de exposición ao público.

Dando cumprimento ao que dispón o artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que o Orzamento Xeral do Concello de Ponteceso ascende no estado de gastos a CATRO MILLÓNS CENTO SEIS MIL CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (4.106.586,70 euros) e no estado de ingresos a CATRO MILLÓNS NOVECIENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRES CÉNTIMOS (4.993.781,03 euros), sendo o superávit inicial de OITOCENTO OITENTA E SETE MIL CENTO NOVENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (887.194,33 euros), consecuencia do remanente líquido de tesourería negativo do exercicio de 2005, ao abeiro do disposto no precepto 193.3 do texto legal antes citado.

A cada un dos capítulos asignanselle as cantidades seguintes:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.677.000,12
2	Gastos de bens correntes e de servizos	1.042.163,00
3	Gastos financeiros	61.200,00
4	Transferencias correntes	74.700,00
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Investimentos reais	1.181.227,03
7	Transferencias de capital	24.296,55
8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	40.000,00
TOTAL GASTOS		4.106.586,70

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos	812.911,30
2	Impostos indirectos	1.616.236,40
3	Taxas e outros ingresos	475.395,81
4	Transferencias correntes	1.247.933,93
5	Ingresos patrimoniais	63.600,00
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	614.847,01
8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	156.856,58
TOTAL INGRESOS		4.993.781,03

Na citada sesión, tamén se acordou aprobar o anexo de persoal, consonte co disposto nos artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, se reproduce a seguir:

ANEXO DE PERSOAL

I.- Persoal Funcionario: (Denominación / Número de postos / Vacantes)

1.- Grupo de Habilitación de carácter Nacional:

- * Secretaría - A - 1 - 0
- * Intervención - A - 1 - 0

2.- Grupo de Administración Xeral (Art. 24 Lei 30/84):

- * Técnico a extinguir-Tesoureiro - B - 1 - 0
- * Administrativos - C - 2 - 0
- * Auxiliar administrativo - D - 1 - 1

3.- Grupo de Administración especial:

- * Auxiliar de arquivo e biblioteca - D - 1 - 1
- * Policía local - D - 4 - 1
- * Traductor/a de Língua Galega - A - 1 - 1
- * Traballador/a Social - B - 1 - 1

II.- Persoal suxeito á lexislación laboral:(Denominación / Número de postos / Vacantes)

1.- Persoal laboral fixo (Denominación / Núm. postos / vacantes):

- * Limpadoras edificios municipais - 3 - 2
- * Auxiliar admvo. oficina técnica - 1 - 0

- * Limpadoras centro de saúde - 2 - 2
- * Limpadoras colexios - 10 - 10
- * Técnico medio aparelador/arquitecto técnico a tempo parcial - 1 - 0
- * Oficial 1ª (2: Servicio M. Augas/ 1: Servicio M. Augas-Múltiples) - 3 - 0
- * Operario servicios múltiples conserxe - 1 - 0
- * Operario ss. múltiples-conserxe colexio - 1- 1
- * Operario ss. múltiples-conserxe polideportivo -1 - 1

2.- Persoal laboral temporal / estimativo (denominación / Número de postos):

- * Limpadoras - 14 (13 a tempo parcial)
- * Auxiliares admvos - 3
- * Auxiliar de arquivo e biblioteca -1
- * Traductora -1
- * Asistente social SM Base - 1
- * Persoal axuda no fogar (tempo completo) - 2
- * Persoal axuda no fogar (tempo parcial)- 4
- * Educadora familiar (tempo parcial) - 1
- * Subalterno centro saúde - 2
- * Limpadoras centro de saúde - 2
- * Socorristas -14
- * Axente de Emprego e Desenvolvemento Local - 1
- * Oficial 1ª Iluminación pública - 1
- * Conductores - 2
- * Peóns - 5
- * Conserxe pavillón polideportivo - 1
- * Conserxe Servicios Múltiples - 1
- * Profesor de Música (tempo parcial) - 1
- * Animador cultural - 1
- * Monitor actividades deportivas-culturais - 3
- * Animador deportivo - 1

O que se fai público para os efectos previstos na citada normativa, facendo constar que, contra a aprobación definitiva, quen teña a condición de interesado poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir de dita aprobación definitiva.

Ponteceso, 18 de xaneiro de 2006

O ALCALDE

Asdo.- José Luis Fondo Aguiar

SAN SADURNIÑO**ANUNCIO***Contrato administrativo*

De conformidad con lo establecido en el artículo 78 del texto refundido de la Ley de contratos de las administraciones públicas, aprobado por RDL 2/2000, de 16 de junio, se anuncia convocatoria de concurso público, con procedimiento abierto, para adjudicar la ejecución de las obras de "Centralización, gestión y reducción del gasto energético en el alumbrado público" en este Ayuntamiento de San Sadurniño.

El Pliego de cláusulas administrativas que regirá esta contratación será el aprobado por la Diputación con fecha 26 de mayo de 2005, publicado en el Boletín Oficial de la Provincia nº 130, del 9 de junio del mismo año.

El modelo de proposición será el recogido como Anexo II del referido Pliego. La contratación se regirá asimismo por el cuadro de características que seguidamente se reproduce:

- 1).- PROYECTO: Centralización, xestión e redución do gasto enerxético no alumbrado público.
- 2).- TIPO DE LICITACIÓN: OCHENTA Y TRES MIL TRES-CIENTOS VEINTIÚN EUROS CON OCHENTA Y CINCO CÉNTIMOS (83.321,85 euros).
- 3).- PARTIDA (CONSIGNACIÓN PRESUPUESTARIA): Artículo 60, grupo de función 5.
- 4).- PLAZO DE EJECUCIÓN: Tres meses.
- 5).- CLASIFICACIÓN: No se exige.
- 6).- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES: Casa Consistorial.
- 7).- PLAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONES: Trece días naturales, desde el siguiente al de publicación del correspondiente anuncio en el BOP.
- 8).- GARANTÍA PROVISIONAL: 2% del tipo de licitación: 1 666,44 euros.
- 9).- GARANTÍA DEFINITIVA: 4% del precio de adjudicación.
- 10).- TASAS DEL CONTRATO: Según establece la Ordenanza Fiscal nº 4.
- 11).- REVISIÓN DE PRECIOS: No procede, en base al acuerdo motivado adoptado por la Junta de Gobierno Local en sesión de fecha 08/01/07.
- 12).- CONTROL DE CALIDAD: Según lo establecido en el proyecto de la obra.
- 13).- IMPORTE MÁXIMO DE LOA GASTOS DE PUBLICIDAD DE LICITACIÓN A CUENTA DEL CONTRATISTA: Diarios oficiales, tarifa urgente.

San Sadurniño, 15 de enero de 2007.

EL ALCALDE,

Fdo.: Constantino Bedoya Vázquez.

SANTIAGO DE COMPOSTELA**Planeamento e Xestión****ANUNCIO**

Anuncio de aprobación definitiva do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4). Camiño Francés

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 11 de decembro de 2006, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

a) Rexeitar as alegacións formuladas pola Asociación de Empresarios e Profesionais Compostela Monumental e pola Asociación de Comerciantes de Santiago de Compostela, por canto as cuestións alegadas non son obxecto do Proxecto de urbanización.

b) Aprobar definitivamente o Proxecto de urbanización do SUNP-4, segundo o documento presentado pola Xunta de Compensación o 5 de decembro de 2006.

Contra o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de urbanización, poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio; alternativamente, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello no prazo dun mes, contado dende a mesma data.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2007

O alcalde

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo

421-2

**SANTIAGO DE COMPOSTELA****Planeamento e Xestión****ANUNCIO**

Anuncio de información pública do Plan especial de equipamento docente no Monte Redondo (D-19). Colexio Manuel Peleteiro

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 8 de xaneiro de 2007, adoptou entre outros o seguinte acordo:

a) Aprobar inicialmente o Plan especial do equipamento docente D-19 en Monte Redondo (Colexio M. Peleteiro), segundo o proxecto presentado o 9 de novembro polos irmáns Peleteiro Ramos, e coa condición de que antes da aprobación provisional se cumprimenten as cuestións indicadas no acordo.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.1 da LOUG, o expediente someterase a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios afectados e publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

Con independencia do trámite de información pública, resulta necesaria a citación persoal dos propietarios das parcelas incluídas no ámbito do Pla especial, segundo figuren no Catastro. Para este efecto, publícase este edicto, que servirá de notificación, consonte ó previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, ós seguintes propietarios que, por ser descoñecidos ou non atoparse no seu domicilio, non puideran ser citados persoalmente.

Durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, estes propietarios poderán consultar o expediente na Sección de Planeamento e Xestión e formular por escrito as alegacións que xulguen oportunas.

PROPIETARIO SEGUNDO PLAN ESPECIAL		PROPIETARIO SEGUNDO CATASTRO		
Finca nº	TITULAR	Ref. Catastral	TITULAR	
1	Dolores, Manuel Felipe, Luis Ildefonso, Blanca, Isabel Sofía, Beatriz, María José Peleteiro Ramos	15079A00401462000GJ	Dolores, Manuel Felipe, Luis Ildefonso, Blanca, Isabel Sofía, Beatriz, María José Peleteiro Ramos	
2	Manuel Felipe Peleteiro Ramos	15079A00401463000GE	Manuel Felipe Peleteiro Ramos	
3	Dolores, Manuel Felipe, Luis Ildefonso, Blanca, Isabel Sofía, Beatriz, María José Peleteiro Ramos	15079A00400589000GZ		
4	Blanca Peleteiro Ramos		Peleteiro Manuel Hr Sc	
5	Luis Ildefonso Peleteiro Ramos			
6	Manuel Felipe, Beatriz, María José Peleteiro Ramos			
7	Isabel Sofía Peleteiro Ramos			
8			15079A00600426000GP	Colegio Manuel Peleteiro
			15079A006004610000GP	Colegio Manuel Peleteiro
	Luis Ildefonso Peleteiro Ramos	15079A00600425000GQ	Severina Romay Ferro	
		15079A00600542000GS	Carmen Mayo Rivas	
9	Luis Ildefonso Peleteiro Ramos	15079A00400586000GJ	Gumersindo Mayo Garcia	
		15079A00400589000GZ	Peleteiro Manuel Hr Sc	
10	Luis Ildefonso Peleteiro Ramos	15079A00400583000GD	Carmen Castro Mayo	
		15079A00400584000GX	Obdulia Mayo Garcia	

CONEXIÓNS EXTERIORES Ó ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL

PROPIETARIO SEGUNDO PLAN ESPECIAL		PROPIETARIO SEGUNDO CATASTRO	
Finca nº	TITULAR	Ref. Catastral	TITULAR
11	Hnos Peleteiro	15079A00400279000GG	Francisco Baluja Franqueira
12	Manuel Lago	15079A00400283000GQ	Descoñecido, Linda con unha edificación de Manuel Lago
13	Hnos Peleteiro	15079A00400541000GL	Colegio Manuel Peleteiro
14	Hnos Peleteiro	15079A00400252000GP	Luis Ildefonso Peleteiro Ramos

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2007

O alcalde, Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

670-2

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Negociado de Licenzas de Apertura

ANUNCIO

Licenza

CONCELLO DE SANTIAGO solicitou licenza de apertura para Gardería infantil en Rúa BOISACA (DE) SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). Consonte o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por un prazo de DEZ DIAS hábiles para que todas as personas que se encontren afectadas poidan formular por escrito as reclamacións que consideren pertinentes. O correspondente expediente LAP/479/2006 pode consultarse no Negociado de Aperturas deste Concello.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2006

O Concelleiro Delegado de Urbanismo

Asdo: Luis Toxo Ramallo

14246-2

A CORUÑA

Área de Urbanismo

Unidad de Ruinas

ANUNCIO

Urbanismo. Expedientes

Con fecha 25 de mayo de 2005 por el Director de Urbanismo y Rehabilitación se remitió a la Comunidad de herederos de Carmen Pita Boado la siguiente notificación:

NOTIFICACION:

Por la Alcaldía - Presidencia, se dictó el siguiente:

DECRETO

Visto el informe de la Técnico del Negociado de Ruinas que antecede al presente Decreto y en uso de las facultades que me confiere la ley 7/85,

DISPONGO

Requerir a los propietarios/ comunidad de propietarios del inmueble sito en CALLE DAMAS, 11 para que dentro del plazo de un año contado a partir del día siguiente a recibir la presente notificación procedan a presentar el ACTA de Inspección Técnica de Edificios elaborada por técnico competente, conforme al modelo establecido, y que podrá ser retirado en las Oficinas de Registro Municipal.

A Coruña a 11 de febrero de 2005

EL ALCALDE, P.D. PRIMER TTE. ALCALDE RESPONSABLE DEL AREA DE PLANIFICACIÓN, DELEGADO DE URBANISMO, PLANIFICACIÓN e INFORMÁTICA

Fdo. F Javier Losada de Azpiazu"

Contra el referido, que es firme en via administrativa, podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de A Coruña en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente a aquel en que se practique la notificación (art. 46 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa de 13 de julio de 1998).

Si bien, previamente cabe interponer con carácter potestativo recurso de reposición ante el propio órgano que dictó el acto o acuerdo en el plazo de un mes, en cuyo caso el plazo para la presentación del recurso contencioso-administrativo empezará a contarse desde la notificación de la resolución desestimatoria, si fuere expresa o después de su desestimación tácita, que se producirá si en el plazo de un mes no se resuelve el recurso de reposición interpuesto.

No obstante podrá interponer cualquier otro recurso que estime procedente.

A Coruña a 20 de mayo de 2005

EL DIRECTOR DE URBANISMO Y REHABILITACION,

Alfredo Cerezales Fernández"

Lo que se hace público a efectos de notificación a Comunidad de herederos de Carmen Pita Boado para su conocimiento y efectos consiguientes.

A Coruña a 08 de enero de 2007

EL ALCALDE ,P.D.- LA TENIENTE ALCALDE DELEGADA DEL AREA DE URBANISMO Y SERVICIOS URBANOS

Fdo) Mar Barcón Sánchez

394-x

A CORUÑA

Área de Urbanismo

Unidad de Ruinas

ANUNCIO

Urbanismo. Expedientes

Con fecha 1 de Diciembre de 2006 por el Director de Urbanismo y Rehabilitación se remitió a la Comunidad de Herederos de Isabel Santos Fernández la siguiente notificación:

NOTIFICACION:

Por la Alcaldía - Presidencia con fecha 2 de mayo de 2005 , se dictó el siguiente:

"

DECRETO

Visto el informe de la Jefa del Servicio de Disciplina Urbanística que antecede al presente Decreto y en uso de las facultades que me confiere la ley 7/85,

DISPONGO

Requerir a los propietarios/ comunidad de propietarios del inmueble sito en CALLE SAN AGUSTIN, 32 para que dentro del plazo de un año contado a partir del día siguiente a recibir la presente notificación proceda/n a presentar el ACTA de Inspección Técnica de Edificios elaborada por técnico competente, conforme al modelo establecido, y que podrá ser retirado en las Oficinas de Registro Municipal.

A Coruña a 02 de mayo de 2005

EL ALCALDE, P.D. PRIMER TTE. ALCALDE RESPONSABLE DEL ARFA DE PLANIFICACIÓN, DELEGADO DE URBANISMO, PLANIFICACIÓN e INFORMÁTICA

Fdo. FJavier Losada de Azpiazu

(Firmado)"

Contra el referido, que es firme en via administrativa, podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de A Coruña en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente a aquel en que se practique la notificación (art. 46 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa de 13 de julio de 1998).

Si bien, previamente cabe interponer con carácter potestativo recurso de reposición ante el propio órgano que dictó el acto o acuerdo en el plazo de un mes, en cuyo caso el plazo para la presentación del recurso contencioso-administrativo empezará a contarse desde la notificación de la resolución desestimatoria, si fuere expresa o después de su desestimación tácita, que se producirá si en el plazo de un mes no se resuelve el recurso de reposición interpuesto.

No obstante podrá interponer cualquier otro recurso que estime procedente.

A Coruña a 29 de noviembre de 2006

EL DIRECTOR DE URBANISMO Y REHABILITACION,

Alfredo Cerezales Fernández"

Lo que se hace público a efectos de notificación a Comunidad de herederos de Isabel Santos Fernández para su conocimiento y efectos consiguientes.

A Coruña a 08 de enero de 2007

EL ALCALDE, P.D.-LA TENIENTE ALCALDE DELEGADA DEL AREA DE URBANISMO Y SERVICIOS URBANOS

Fdo) Mar Barcón Sánchez

A CORUÑA

Área de Urbanismo

Unidad de Ruinas

ANUNCIO

Urbanismo. Expedientes

Con fecha 24 de Noviembre de 2006 por el Director de Urbanismo y Rehabilitación se remitió a Comunidad de Herederos de Ojén López la siguiente notificación:

NOTIFICACION:

Por la Alcaldía - Presidencia con fecha 14 de junio de 2006 , se dictó el siguiente:

"

DECRETO

Visto el informe de la Técnico de la Unidad de Ruinas que antecede al presente Decreto y en uso de las facultades que me confiere la ley 7/85, y de la delegación de fecha 25 de marzo de 2006:

DISPONGO

Requerir a los propietarios/ comunidad de propietarios del inmueble sito en CALLE ORZAN, 127 TODOS para que dentro del plazo de un año contado a partir del día siguiente a recibir la presente notificación proceda/n a presentar el ACTA de Inspección Técnica de Edificios elaborada por técnico competente, conforme al modelo establecido, y que podrá ser retirado en las Oficinas de Registro Municipal.

A Coruña a 14 de junio de 2006

EL ALCALDE, P.D. - LA TENIENTE ALCALDE DELEGADA DEL ARFA DE URBANISMO Y SERVICIOS URBANOS

Fdo.Mar Barcón Sánchez

(Firmado)"

Contra el referido, que es firme en via administrativa, podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de A Coruña en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente a aquel en que se practique la notificación (art. 46 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa de 13 de julio de 1998).

Si bien, previamente cabe interponer con carácter potestativo recurso de reposición ante el propio órgano que dictó el acto o acuerdo en el plazo de un mes, en cuyo caso el plazo para la presentación del recurso contencioso-administrativo empezará a contarse desde la notificación de la resolución desestimatoria, si fuere expresa o después de su desestimación tácita, que se producirá si en el plazo de un mes no se resuelve el recurso de reposición interpuesto.

No obstante podrá interponer cualquier otro recurso que estime procedente.

A Coruña a 20 de noviembre de 2006

EL DIRECTOR DE URBANISMO Y REHABILITACION,

Alfredo Cerezales Fernández"

ABEGONDO**ANUNCIO***Información pública***DECRETO. REMISIÓN EXPEDIENTE XULGADO E NOTIFICACIONES**

Visto o escrito do xulgado contencioso-administrativo nº 1 de A Coruña, do 3 de novembro de 2006 (rex entr. 07-11-06, nº 2072) ,dictado no procedemento abreviado nº 0276/06, en relación á recurso contencioso administrativo interposto por José M^a Roel Gómez, contra o concello de Abegondo por inactividade nun expediente de denuncia de obras , e no que se require a este concello que remita o expediente completo e se notifique a quen apareza como interesados, emplazándoos para que poidan persoarse neste recurso no prazo de 9 días., así como para que este concello comparezca como demandada ó acto de vista sinalado para o 21 de decembro de 2006 ás once horas e quince minutos.

Por Decreto de Alcaldía de 23 de novembro de 2006 se remitiu copia do expediente, completo, foliado e con índice de documentos, e se ordenou a práctica das notificacións a interesados emplazándoos, e se publicou no BOP de 9 de decembro de 2006 .

O acto de vista sinalado para o 21 de decembro de 2006 ante xulgado contenciosoadministrativo nº 1 de A Coruña se suspendeu, quedando sinalado para o día 15 de febreiro de 2007 ás once horas

Esta Alcaldía resolve, de conformidade co artigo 49,1º da Lei 29/98, de xurisdicción contencioso-administrativa

Notificar ós interesados para que poidan personarse no recurso no prazo de 9 días no acto de vista sinalado para o día 15 de febreiro de 2007 ás once horas ante xulgado contencioso-administrativo nº 1 de A Coruña.

A notificación se efectuará segundo a Lei 30/92, de réxime xuridico da Administracións públicas e procedemento administrativo común.

O emplazamento da Administración entenderase efectuada pola reclamación do expediente, e se entenderá personada co envío do expediente.

Os demandados legalmente emplazados poderán personarse en autos no prazo concedido. Si o fixeran posteriormente, se lles terá por parte para os trámites non precluidos. Se non se personasen oportunamente, continuarán o procedemento polos seus trámites, sen que haxa lugar a practicarlles en estrados ou en calquera outra forma notificacións de calquera clase.

Todo isto segundo o artigo 50 da Lei 29/98, de xurisdicción contenciosoadministrativa..

Realícense as actuacións necesarias. Dése conte ó Pleno.

Abegondo, 11 de xaneiro de 2007

O Alcalde

Juan José Rocha Carro

Ante mín, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

ARANGA**EDICTO***Licenza*

Solicitando desta Alcaldía D. MANUEL PRADOS VEGA , licenza municipal para a apertura de UNA EXPLOTACIÓN CAPRINA SERIEXTENSIVA a situar en PENELAS-ARANGA , cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

ARANGA , a 28 de DICIEMBRE de 2006

O Alcalde,

Fdo. Manuel Braños Abad

80-2

ARTEIXO

Departamento de Urbanismo

Servizo de Urbanismo

Negociado de Aperturas

EDICTO

Inicio período de información pública. (Expediente 51/06 AC.) Solicita licenza de apertura dun centro de estética e bronceado sito na rúa Médico Amenedo Casabella, número 6-baixo, Arteixo

Expte. 51/06AC

Ref.^a: AM/rll

Solicitado desta Alcaldía pola entidade mercantil ARTEIXO - SOL, S.L. licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun CENTRO DE ESTÉTICA E BRONCEADO sito no baixo do inmovible nº 6 da rúa Médico Amenedo Casabella, Arteixo, cumprindo o disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1.961, se somete a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo -que empezará a constarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

ARTEIXO, 15 de decembro de 2006

O ALCALDE

Por delegación, Decreto nº 2428/2005

María Isabel Vila Vilas

PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

ARTEIXO

Departamento de Urbanismo
 Servizo de Urbanismo
 Negociado de Aperturas

EDICTO

Inicio período de información pública. (Expediente 45/06 AC.) Solicita licenza de apertura dunha tenda para exposición e venda de electrodomésticos sita no baixo do inmoble número 17 da avenida dos Bosques, Arteixo

Expte. 45/06AC
 Ref.^a: AM/rll

Solicitado desta Alcaldía por D^a. MANUELA GRELA MARTÍNEZ licencia municipal para a instalación, apertura e funcionamento dunha TENDA PARA EXPOSICIÓN E VENDA DE ELECTRODOMÉSTICOS sita no baixo do inmoble nº 17 da Avda. Dos Bosques, Arteixo, cumprindo o disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1.961, se somete a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo -que empezará a constarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas..

ARTEIXO, 15 de decembro de 2006
 O ALCALDE
 Por delegación, Decreto nº 2428/2005
 María Isabel Vila Vilas
 PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

14813-2

BETANZOS

ANUNCIO

Información pública

Por COMUNIDAD PROPIETARIOS EDF. BRIGANTUM, solicitouse Licencia de Apertura dun local e en cumprimento do disposto no Art. 30.2 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 expone a información pública por un período de DEZ DIAS HÁBILES, no Negociado de Aperturas, o seguinte expediente:

EXPTE. Nº: 57/2006
 ACTIVIDAD: GARAJE APARCAMIENTO
 EMPLAZAMIENTO: BARTOLOME COSIO

a fin de que durante o mesmo - que comenará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do mesmo no Boletín Oficial da Provincia- poida examinarse e formular por escrito cantas reclamacións ou observacións se estimen oportunas.

Betanzos, 26/10/2006
 O DELEGADO DE URBANISMO, VIVENDA E C. HISTORICO,
 Asdo/ Fco. Xabier López López.

12663-2

CABANA DE BERGANTIÑOS

ANUNCIO

Anuncio sustitución Alcaldía

Con data 10 de xaneiro de dous mil sete dictouse Resolución da Alcaldía nº 13/2007 na que se dispón que por ausencia do alcalde do termo municipal entre os días 11 e 24 de xaneiro ámbolos dous inclusive, sexa substituído nas funcións propias do seu cargo polo concelleiro D. Carlos Allo Cundíns, ordeando a publicación deste acordo no BOP.

Cabana de Bergantiños, 29 de setembro de 2004
 O alcalde
 Asdo. José Muiño Domínguez

378-x

CARNOTA

EDICTO

Normativa

APROBADO INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL EN SESION EXTRAORDINARIA DE 21 DE DECEMBRO DO 2.006, O REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO, DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 49 DA LEI 7/1985 DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL, EXPONSE A INFORMACION PUBLICA E AUDIENCIA ÓS INTERESADOS PARA A PRESENTACION DE RECLAMACIÓNS E SUXERENCIAS, DURANTE 30 DIAS A PARTIRES DA PUBLICACION DESTE ANUNCIO NO B.O.P. NO CASO DE QUE NON HOUBERA NINGUNHA RECLAMACION, ENTENDERASE DEFINITIVAMENTE APROBADO.

CONCELLO DE CARNOTA

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO

CAPÍTULO

I.- Obxecto, ámbito de aplicación e condicións do servizo

- Artigo 1 : Obxecto do regulamento
- Artigo 2 : Obrigas do concesionario
- Artigo 3 : Dereitos do concesionario
- Artigo 4 : Obrigas do abonado
- Artigo 5 : Dereitos do abonado
- Artigo 6 : Reclamacións dos abonados

II.-Póliza de abono, Subministro de auga e conexión de vertidos

- Artigo 7 : Pólizas de abono
- Artigo 8 : Solicitud de acometida. Utilización do subministro
- Artigo 9 : Servizo a novas edificacións e novas urbanizacións
- Artigo 10 : Contratante e titular do contrato
- Artigo 11 : Altas e baixas no Servizo
- Artigo 12 : Suspensión do subministro
- Artigo 13 : Avarías en instalacións interiores

III.-Servizo de saneamento

Artigo 14 : Servizos a realizar

Artigo 15 : Acometidas de saneamento

Artigo 16 : Execución de acometidas de saneamento

Artigo 17 : Modificación de acometidas de saneamento por variación das condicións iniciais do servizo

Artigo 18 : Conexión á rede de sumidoiros e mantemento de fosas sépticas particulares

Artigo 19 : Instalacións interiores e bombeos particulares de residuos

Artigo 20 : Clasificación de vertidos

Artigo 21 : Prohibición e limitación dos vertidos

Artigo 22 : Relación de vertidos prohibidos

Artigo 23 : Actuación ante vertidos prohibidos

Artigo 24 : Colectores en propiedades particulares

Artigo 25 : Conexións provisionais e temporais

Artigo 26 : Baixas no servizo de saneamento

Artigo 27 : Consideracións para a autorización de vertidos industriais

Artigo 28 : Instalacións interiores en vertidos industriais

Artigo 29 : Análises a efectuar nos vertidos industriais

Artigo 30 : Inspección e control de vertidos

Artigo 31 : Accións regulamentarias ante vertidos de características non autorizadas

IV.-Réxime económico**Facturación, cobro e información**

Artigo 32 : Facturación

Artigo 33 : Vertidos de auga de orixe distinto á rede municipal de abastecemento

Artigo 34 : Abono dos recibos

Artigo 35 : Información ao abonado sobre a facturación

Artigo 36 : Devolución de ingresos indebidos

Artigo 37 : Baixas no servizo

Inspeccións e sancións

Artigo 38 : Acta de inspección

Artigo 39 : Liquidación da fraude

Artigo 40 Disposicións finais

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO**CAPÍTULO I****OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E CONDICIÓNS DO SERVIZO****Artigo 1. Obxecto do regulamento.**

1. O regulamento ten por obxecto establecer as normas da prestación do servizo de saneamento (rede de sumidoiros e depuración de augas residuais) no municipio de CARNOTA, regular as relacións entre a empresa e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigas bási-

cas, así como recoller o ámbito de aplicación dos prezos e tarifas e o réxime de infraccións e sancións.

2. Para os efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase "abonado" o usuario que teña contratado o Servizo de Saneamento. O abonado debe ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria.

Denomínase "concesionario" o adxudicatario da xestión integral do Servizo Municipal de Saneamento de CARNOTA, en virtude do contrato administrativo que rexe a súa concesión.

Denomínase "rede de sumidoiros" o conxunto de tubaxes, pozos e elementos de control e accesorios, instalados nas vías públicas a través dos que se trasladan as augas residuais á Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) para o seu tratamento.

Denomínase "ampliación da rede de sumidoiros" as extensións ou prolongacións realizadas a partir dun punto xa dotado do servizo de saneamento ata o lugar de situación doutros inmobles que se pretende dotar de saneamento.

Comprende, así mesmo, este concepto aquelas modificacións que se realizan sobre unha rede existente cando a súa capacidade é notoriamente insuficiente para atender o saneamento dunha ou varias zonas da poboación.

3. O Servizo de Saneamento do municipio de CARNOTA seguirá ostentando, en todo momento, a condición de Servizo Público Municipal do Excmo. Concello de CARNOTA.

4. Os servizos aos que afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ao control do Concello de CARNOTA, quen poderá revisar os traballos realizados polo concesionario, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a súa prestación.

Artigo 2. Obrigas do concesionario.

Correspóndelle ao concesionario, cos recursos que teña ao seu alcance:

a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para recoller, conducir, separar e depurar as augas residuais para seren vertidas nas canles públicas, con suxeición ás condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable, utilizando para tal efecto os recursos e os medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que realice o propio concesionario, ou os que lle sexan asignados.

A incorporación ao servizo de obras e instalacións con posterioridade ao comezo da concesión, esixirá a súa recepción polo concello e a sinatura da acta polo concesionario de adscripción destas ao servizo, calculando a retribución a percibir polo concesionario polo aumento dos custos (no caso de que os houbera) que supoñan as novas instalacións.

b) A tramitación e a execución de acometidas de saneamento a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso nos edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e que foran aprobadas pola corporación municipal.

c) Efectuar a recollida de augas fecais ou residuais desde a arqueta situada no límite da propiedade do abonado co dominio público e a súa canalización ata a estación depuradora ou punto de vertido establecido polo concello.

d) O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros mediante a subscripción dunha póliza de seguros adecuada.

e) Dispor dun servizo permanente para a recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e as anomalías que se poidan producir relacionadas coa prestación do servizo.

f) Informar os abonados, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no servizo como resultado das súas actuacións ou das de terceiros.

g) Colaborar coas autoridades e cos centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, que os abonados e o público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

h) Contestar ás reclamacións que se formulen por escrito no prazo regulamentario.

i) Aplicar os prezos e os cadros das tarifas correspondentes aos distintos tipos de abonados ao saneamento que, en cada momento, se teñan aprobadas.

Artigo 3. Dereitos do concesionario.

Ademais dos dereitos que ao concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público e das recoñecidas á empresa adxudicataria no contrato concesionario, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

a) Inspeccionar, revisar e informar das instalacións interiores do abonado que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.

b) Percibir nas súas oficinas ou ben por domiciliación bancaria a través das contas dos abonados, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, lles correspondan a pagar aos abonados e aos usuarios polas prestacións que realizara o concesionario

Artigo 4. Obrigas do abonado.

Son obrigas do abonado:

a) Todo abonado está obrigado a aboar puntualmente os cargos que o concesionario lle formule con suxeición aos prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios aos que fai referencia o presente regulamento.

b) Los abonados deberanlle comunicar ao concesionario a existencia de obstrucións na rede de saneamento que produzan o sexan susceptibles de producir desbordamentos, olores ou calquera tipo de molestias á cidadanía.

Igualmente, deberanlle notificar ao concesionario as manipulacións nas redes ou os usos indebidos do servizo de saneamento que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para as persoas ou os bens.

c) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos aos empregados da empresa ou á persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

d) Cando o abonado desexe causar baixa no saneamento, estará obrigado a informar á empresa da dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura del contador e facturar o vertido correspondente.

Artigo 5. Dereitos dos abonados.

Serán dereitos dos abonados:

a) Dispor permanentemente do Servizo de Saneamento, de acordo coas condicións que figuren no seu contrato, sen máis limitacións que as establecidas no presente regulamento e nas demais disposicións de aplicación.

b) Ser informado de todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo, en relación co seu servizo,

así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

Artigo 6. Reclamacións dos abonados.

1. Toda persoa física que, no seu propio nome ou en representación de terceiros, desexe formular unha reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do servizo, poderao facer mediante un escrito dirixido á Dirección do Servizo de Augas ou ao concello.

2. Nas reclamacións que se poidan formular sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado e estar ao día no pago dos recibos correspondentes.

3. As reclamacións que se formulen por danos e prexuízos causados polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a súa natureza e o seu carácter contractual ou extracottractual.

4. As reclamacións faranse dentro das primeiras 48 horas despois de se produciren os danos.

CAPÍTULO II

PÓLIZA DE ABONO E CONEXIÓN DE VERTIDOS

Artigo 7. Pólizas de abono.

Denomínase póliza de abono o contrato suscrito entre o concesionario e o abonado, que inclúe os termos e as condicións pactadas para a prestación do Servizo de Saneamento.

Para a petición do subministro:

- No caso dunha vivenda nova o usuario presentará

- Os que estableza o concesionario, logo da autorización do concello

- No caso dunha obra, o petionario presentará a licenza para esta e realizarase un contrato de obra que se terá que dar de baixa unha vez finalizada.

- No caso dunha industria ou comercio el usuario presentará

Os que estableza o concesionario, logo da autorización do concello

En ningún caso se conectará o vertido se non están realizados os requisitos anteriores.

Nos casos nos que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral.

Non se subscribirá un contrato de saneamento a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal sexa a situación do novo vertido solicitado.

Baixo ningún concepto se farán concesións gratuítas, sexa cal sexa o carácter e a natureza do petionario, e consideraranse caducadas as que actualmente poidan existir.

Todos os acordos anteriores quedarán en suspenso no momento da entrada en vigor do presente regulamento.

O traslado de domicilio e a ocupación do mesmo local por unha persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe un novo contrato ou, cando corresponda, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran todos os requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, excepto no especificado no artigo 10º.

Artigo 8. Solicitude de acometida. Utilización do subministro.

1. A solicitude de acometidas ás redes de evacuación de augas residuais deberase presentar, de forma independente, para cada finca que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, de xeito que cada unha delas satisfaga por separado as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dunha acometida de saneamento por outra finca ou propiedade distinta de aquela para a que se contratou, aínda cando pertencen ao mesmo dono.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista unha causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá contratar, á súa costa, acometidas independentes.

4. O concesionario está autorizado para vixiar as condicións e a forma en que os abonados utilizan o servizo de saneamento.

Artigo 9. Servizo a novas edificacións e a novas urbanizacións.

1. As extensións das redes de saneamento para as edificacións novas ou antigas que non o posúan serán a cargo do abonado e pasarán á rede municipal.

2. As instalacións das redes de saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo concello e logo de informe favorable do concesionario. A traza destas redes será sempre polas vías públicas.

3. O permiso de acometida do saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles situados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- Os esquemas das redes interiores do saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ser aprobados polo concesionario do servizo, proxectados polo técnico competente e executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, con cumprimento das normas técnicas do concesionario ou das que preveña, para tales fins, o propio concello.

- O concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas hidráulicas e ensaios necesarios, co fin de garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten aos materiais previstos no proxecto. Os gastos derivados de tales probas serán a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

4. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de saneamento nos posibles edificios, solares o parcelas desta, senón que será competencia exclusiva do concesionario.

5. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada polo concesionario, así como as modificacións ou os eventuais reforzos que se deban efectuar nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse sempre polo concesionario e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo concesionario, que informará ao concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, das súas servidumes de paso e dos usos da urbanización que pasen a dominio público e que asumirá a xestión e o mantemento do Servizo de Saneamento, unha vez que lle sexa ordenado polo concello.

7. Poderase denegar a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire á documentación e aos requisitos previos para a conexión ás redes públicas.

b) Cando a cota de vertido do inmovible para o que se solicita a acometida da rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, salvo que o propietario instale, á súa costa, o sistema de bombeo adecuado.

No caso anterior, se o abonado insiste no entronque na rede de sumidoiros a pesar de estar por debaixo do colector dos sumidoiros na fronte da súa vivenda, os danos ocasionados na súa vivenda por posibles inundacións serán da súa única responsabilidade.

c) Cando algunha parte das instalacións xerais deba descubrir por unha propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

Artigo 10. Contratante e titular do contrato.

1. O contratante do saneamento será o titular ou titulares da finca, local ou industria cuxo vertido se queira conectar, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo.

Cando corresponda, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento dos danos ao concesionario, no caso de incumprimento do contrato de saneamento por parte do inquilino.

2. Non poderá ser abonado do saneamento quen xa o fora con anterioridade para outra finca, local ou industria e fora penalizado coa suspensión do subministro ou coa resolución do contrato por falta de pago ou medida regulamentaria, a no ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigas, coas recargas, xuros e gastos que correspondan.

3. Toda acometida destinarase exclusivamente aos usos para os que sexa solicitada e concedida. O abonado débelle comunicar previamente ao concesionario calquera modificación e solicitar a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria conectados, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de saneamento, ambos os dous deberán comunicar de modo fidedigno, dentro do prazo dun mes, o cambio producido, co fin de formalizar un novo contrato de saneamento a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato foran os inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario á que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar a seu nome.

Se houbera modificación da propiedade de la finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de saneamento, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e co resarcimento dos danos que lle puideran causar ao concesionario os inquilinos do inmovible, cando non os asumiran estes.

6. Nos casos nos que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratalos o seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos nos que se soliciten os servizos para a execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.

Artigo 11. Altas e baixas no servizo.

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado e subscrición da correspondente póliza, na que se farán constar as características do saneamento, que producirá efectos económicos dentro do trimestre no que comece o gozo do servizo, coa facturación correspondente ao trimestre completo.

No caso de contadores colectivos, cada unha das vivendas ou locais subministrados a través dese contador aboará a cota de "Alta de Contrato" e "Fianza" especificadas na ordenanza fiscal correspondente.

Cada vez que se produza unha alta pagaranse as taxas municipais de acordo co establecido na ordenanza fiscal.

O titular do contrato solicitará as baixas subscribindo a correspondente solicitude, logo da comprobación e do pago dos recibos pendentes así como do trimestre no que se solicita a baixa.

Artigo 12. Causas de suspensión do servizo de saneamento.

1. A utilización inadecuada do servizo de saneamento por parte dun abonado ocasionará a suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria, sempre que estea autorizada por Augas de Galicia ou polo órgano autonómico competente.

2. O concesionario poderalle suspender o servizo de saneamento a un abonado nos seguintes casos:

a) Se non satisfai o importe dos servizos conforme o estipulado na ordenanza fiscal.

b) Por falta de pago das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude ou no caso probado de reincidencia nesta.

d) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para a evacuación de residuos a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.

e) Cando o abonado non teña instalado o contador (ou estea avariado e non proceda a súa substitución a pesar da comunicación do servizo) para o control do consumo de auga.

f) Cando o abonado manipule o equipo de medida falseando dese xeito as medicións do consumo realizado.

g) Cando o abonado non permita a entrada no local ao que afecta a póliza do servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado polo concesionario e provisto da súa correspondente documentación acreditativa, trate de revisar as instalacións. Neste caso é preciso que se faga constar a negativa ante testemuñas ou en presenza dalgún axente da autoridade.

h) Por negligencia do abonado con respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.

i) En caso de realizar vertidos non autorizados que poidan producir danos nas instalacións de saneamento ou depuración. Nestes casos o concesionario aterase á lexislación vixente.

3. Os gastos orixinados para o restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que proceda ao seu pago.

Artigo 13. Avarías en instalacións interiores.

1. Enténdese por instalación interior de saneamento a comprendida a partir da arqueta de rexistro de acometida.

2. O propietario dun edificio será responsable das avarías que se produzan na instalación interior e realizará, a seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa factible, os arranxos necesarios

3. Se, a xuízo do concesionario ou dun técnico competente, se determina que existe perigo grave para a seguridade das persoas, polo mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, e existe necesidade de acometer a reparación con urxencia, o concesionario informará ao concello e poderán repercutir no abonado os gastos nos que se incorra, debidamente xustificadas.

CAPÍTULO III

SERVIZO DE SANEAMENTO

Artigo 14. Servizos a realizar.

Denomínase rede de saneamento o conxunto de colectores e rexistros, con todos os elementos de bombeo, control e accesorios instalados nas rúas, prazas, camiños e demais vías públicas, que serven para a evacuación das augas residuais ata as canles públicas ou nas estacións depuradoras.

a) A execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento.

b) A limpeza da rede xeral de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións municipais previstas e autorizadas para tal fin..

c) De forma transitoria, a limpeza, nos casos nos que sexa posible cos medios mecánicos do servizo e sempre a costa do usuario, das fosas sépticas particulares, ata en tanto a rede pública de saneamento non cubra a totalidade do municipio

d) O tratamento, cos medios e infraestruturas postos a disposición polo concello ou, cando corresponda, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade ao seu vertido nas canles públicas.

Artigo 15. Acometidas de saneamento.

a) Enténdese por acometida de saneamento a tubaxe de condución das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende desde a arqueta de rexistro situada no borde da finca ou propiedade pública ou privada ata o pozo de saneamento ao que está conectado.

Nas instalacións onde non fose posible conectar no pozo de saneamento, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, no colector xeral.

As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do abonado.

Para os efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento á que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do abonado serán a cargo deste.

b). As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente polo concesionario e comprenden desde a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do abonado ata o seu entronque no pozo de saneamento ou no colector xeneral.

Serán a cargo do abonado, conforme o presuposto presentado ao construtor, propietario ou abonado interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo concello.

c). As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización polo concesionario dun presuposto que será presentado ao abonado para proceder ao cambio de acometida.

Se o abonado non se fai cargo deste presuposto, o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte os eventuais efectos do mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán a conta exclusiva do abonado.

d) Aquelas conexións de saneamento que non contén con arqueta de rexistro terana que instalar a seu cargo de forma inmediata. No caso de non o facer o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte os eventuais efectos do mal funcionamento da acometida de saneamento pola imposibilidade de acceder á acometida para establecer se o problema é anterior ou posterior á arqueta de rexistro e realizar os traballos correspondentes. Os danos ocasionados serán de conta exclusiva do abonado.

Artigo 16. Execución de acometidas de saneamento

1. A sección das conducións, tipo de rexistros e demais características da acometida rexeranse, polo demais, segundo as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondentes.

2.- As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de saneamento axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas ordenanzas municipais e edificación e ao disposto nas normas subsidiarias aprobadas polo concello. O concesionario non poderá aplicar outros criterios, salvo que, debidamente elaborados, fosen aprobados polo concello.

3.- Toda acometida de sumidoiro deberá dispor dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do abonado.

4.- A limpeza das acometidas de saneamento, será executada polo abonado. No caso de realizala o concesionario, percibirá do abonado o importe debidamente facturado pola dita limpeza como contraprestación.

5. Para proceder á execución da acometida de saneamento, o propietario do inmovible ou, cando corresponda, o abonado deberá depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do presuposto que, de acordo co cadro dos prezos aprobado por el concello, realice o concesionario.

Artigo 17. Modificación de acometidas de saneamento por variación das condicións iniciais de solicitude.

1. Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incrementa o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertido, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación das pólizas de servizo, ás que se dea lugar. As novas acometidas executaranse polo concesionario con cargo ao propietario ou abonado, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

2. En caso de que os servizos técnicos do concello ou o concesionario descubran a realización de obras de saneamento non comunicadas ao servizo, levantarase acta deste feito e o concesionario proporalle ao concello a actuación que corresponda.

A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento, tanto directa como indirectamente, e a ocultación de datos das acometidas, poderá motivar a inmediata suspensión do ser-

vizo e o cargo polo concesionario ao abonado ou usuario dun ano de utilización do servizo, segundo as tarifas vixentes.

Artigo 18. Conexión á rede de sumidoiros e mantemento de fosas sépticas particulares.

1.- A autorización para o vertido das augas residuais será aprobada polo concello. Está prohibido o vertido á rede pública de saneamento das augas residuais daqueles que no sexan abonados do servizo.

2. Os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se encontren a menos de CEN METROS da rede pública, e quedarán obrigatoriamente fóra de servizo todas aquelas fosas sépticas que se encontren a esa distancia da rede pública de saneamento.

Para iso, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a costa do abonado, salvo que se prevexan formas de financiamento diferentes por parte do concello.

3.- Os edificios fronte aos que exista rede de colectores pública, verterán a esta directamente as augas residuais a través da correspondente acometida, sen atravesar propiedades de terceiros.

4. Nos casos de existencia de fosas sépticas particulares, é responsabilidade dos propietarios, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

Artigo 19. Instalación interior e bombeos particulares de augas residuais.

1.- As instalacións interiores de desaugue dun edificio que se localicen a unha cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg./cm

2. Naqueles casos nos que os desaugues dun edificio se encontren a unha cota inferior á do colector da rúa, o propietario ou propietarios instalarán ao seu cargo a infraestrutura e o equipo de bombeo necesario para efectuar o vertido á rede pública.

Artigo 20. Clasificación de vertidos

1. Para os efectos do presente regulamento, os vertidos clasifícanse nas modalidades seguintes:

- a) Augas de refugo domésticas, o augas residuais domésticas
- b) Augas de refugo industriais, o augas residuais industriais

2. Considéranse como augas residuais domésticas as que proceden do uso da auga de abastecemento en vivendas, xa sexan individuais ou colectivas.

Estas augas residuais carrexarán, salvo casos excepcionais, os refugallos procedentes da preparación, cocción e manipulación dos alimentos, as augas de lavado das roupas e utensilios de cociña, os excrementos humanos e materiais biodegradables producidos no desenvolvemento normal das actividades domésticas

Non se permite a incorporación ás augas residuais domésticas de disolventes, pinturas, ácidos, substancias sólidas non degradables, plásticos nin aqueles elementos que sexan de difícil ou imposible eliminación nas depuradoras de residuos, e cuxa relación será proporcionada, a pedimento dos abonados e usuarios, polo concesionario.

3. Considéranse como augas residuais industriais as procedentes do uso da auga de abastecemento en establecementos industriais, naves e locais comerciais de todo tipo, que poidan ser susceptibles, como consecuencia da actividade destes establecementos, de carrexar outros refugallos diferentes ademais, ou en vez, dos presentes nas augas residuais definidas como domésticas.

4. Considéranse como Usos municipais os que corresponden aos edificios e instalacións municipais.

Non se considerarán consumos municipais os daqueles dependencias que, sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

Artigo 21. Prohibicións e limitacións dos vertidos

1. Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente, á rede de sumidoiros todos os compostos e materias que de forma non exhaustiva e agrupados por afinidade ou similitude de efectos, se sinalan a continuación:

1.1. Mesturas explosivas: Líquidos, sólidos ou gases que por razón da súa natureza e cantidade sexan ou poidan ser suficientes, por si mesmos ou en presenza doutras substancias, para provocar fogos o explosións. En ningún momento, dúas medidas sucesivas efectuadas mediante un explosímetro, no punto de descarga á rede, deben dar valores superiores ao 5 % do límite inferior de explosividade, nin tampouco unha medida illada debe superar nun 10 % o citado límite.

Prohíbense expresamente os gases procedentes de motores de explosión, gasolina, queroseno, nafta, benceno, tolueno, xileno, éteres, tricloroetileno, aldehidos, cetonas, peróxidos, cloratos, percloratos, bromuros, carburros, hidruros, nitruros, sulfuros, disolventes orgánicos inmiscibles en auga e aceites volátiles.

1.2. Refugos sólidos ou viscosos: refugos sólidos ou viscosos que provoquen ou poidan provocar obstrucións no fluxo da rede de sumidoiros, o interferir no adecuado funcionamento do sistema de augas residuais.

Os materiais prohibidos inclúen, en relación non exhaustiva: graxas, tripas ou tecidos animais, esterco, osos, pelos, peles ou carnaza, entrañas, sangue, plumas, cinzas, escouras, areas, cal, anacos de pedra ou mármore, anacos de metal, vidro, palla, labras, recortes de céspede, trapos, grans, lúpulo, refugos de papel, madeiras, plástico, alcatrán, residuos asfálticos, residuos do procesado de combustibles ou aceites lubricantes e similares e, en xeral, sólidos de tamaño superior a 1,5 cm. en calquera das súas dimensións.

1.3. Materiais colorantes: Líquidos, sólidos ou gases que incorporados ás augas residuais dean coloracións que non se eliminen no proceso de tratamento empregado nas estacións depuradoras municipais, tales como lacas, pinturas, vernices, tintas, etc.

1.4. Residuos corrosivos: Líquidos, sólidos ou gases que provoquen corrosión na rede de saneamento ou nas instalacións de depuración, tanto nos equipos como nas instalacións, e que sexan capaces de reducir a vida útil destas ou de producir avarías. Inclúense, entre outros, os seguintes: ácidos clorhídrico, nítrico, sulfúrico, carbónico, fórmico, acético, láctico, butílico, lixivias de sosa ou potasa, hidróxido amónico, carbonato sódico, augas de moi alta salinidade e gases como sulfuro de hidróxeno, dióxido de carbono, dióxido de xofre e, en xeral, todas aquelas substancias que, en reacción coa auga, poidan dar lugar a solucións corrosivas como sulfatos, cloruros,...

1.5. Residuos radioactivos: refugos radioactivos ou isótopos de vida media ou concentracións tales que poidan provocar danos nas instalacións depuradoras e/ou perigo para o persoal encargado do seu mantemento.

1.6. Residuos que produzan gases nocivos: entenderanse como tales os residuos que produzan gases nocivos na atmosfera da rede de saneamento, colectores e/ou emisarios en concentracións superiores aos límites seguintes:

Monóxido de carbono (CO)	100 cm/m de aire
Cloro (Cl2)	1 cm/m de aire
Sulfhídrico (SH2)	20 cm/m de aire
Cianhídrico (CNH)	10 cm/m de aire

1.7. Materias nocivas e substancias tóxicas: sólidos, líquidos ou gases en cantidades tales que por si sos ou por interacción con outros refugos, poidan causar molestias públicas, ou perigo para o persoal encargado do mantemento e conservación da rede de colectores e estacións depuradoras.

2. En xeral, todo tipo de substancias coas concentracións referidas no anexo número 2 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas ou naquelas disposicións globais vixentes que en cada momento resulten de aplicación e que o concesionario porá á disposición dos abonados para a súa eventual consulta.

3. Con carácter xeral, quedará prohibido o vertido de substancias ou materias que, por disposición da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos e do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da citada lei, teñan a condición de tóxicos ou perigosos.

Especificamente, con respecto aos talleres de automóviles, garaxes e similares, atenderase obrigatoriamente ao disposto nas ordes do MOPU do 28 de febreiro de 1989 e do 13 de xuño de 1990 sobre a xestión de aceites usados, considerados por esta regulamentación como tóxicos e perigosos.

4. A presenza, nos residuos enviados á rede pública, de corpos e substancias que, aínda non sendo por si mesmos prexudiciais, poidan provocar atascos na rede, obrigará a instalar a fosa de decantación correspondente. O concesionario informará ao concello destes casos, ademais de ao abonado, para que a entidade pública proceda en consecuencia no caso de que o causante dos vertidos non adopte as medidas aconsellables.

5. Os caudais punta dos vertidos á rede non poderán exceder do quíntuplo (5 veces) nun intervalo de 15 minutos ao de dúas veces e media (2,5 veces) nunha hora o valor do termo medio do día.

6. Os danos e prexuízos que se puideran derivar dun vertido prohibido definido neste artigo serán imputados totalmente ao seu causante, sen prexuízo das responsabilidades de tipo legal nas que puidera incurrir.

Artigo 22. Relación de vertidos prohibidos.

Queda prohibido verter directa ou indirectamente ás instalacións da rede de sumidoiros e saneamento, vertidos con características ou con concentracións de contaminantes iguais ou superiores en todo momento aos expresados na seguinte relación:

PARÁMETROS	CONCENTRACIÓN	UNIDADES
pH	5,5 - 9,0	--
Sólidos en suspensión	600	mg/L
Sólidos sedimentables	5	mg/L
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO5) 600		mg/L
Demanda química de osíxeno (DQO) 1.500		mg/l
Temperatura	40	°C
Conductividade eléctrica (25°C)	5.000	mS/cm
Aluminio	10,0	mg/l
Arsénico	1,0	mg/l
Bario	20,0	mg/l
Boro	3,0	mg/l
Cadmio	0,2	mg/l
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	4,0	mg/l
Ferro	10,0	mg/l
Manganeso	2,0	mg/l
Níquel	2,0	mg/l
Mercurio	0,05	mg/l
Chumbo	0,7	mg/l
Selenio	0,5	mg/l
Estaño	5,0	mg/l
Cobre	0,5	mg/l
Cinc	5,0	mg/l

PARÁMETROS	CONCENTRACIÓN	UNIDADES
Cianuros	1,0	mg/l
Cloruros	2.000	mg/l
Sulfitos	10,0	mg/l
Sulfatos	2.000	mg/l
Fluoruros	10,0	mg/l
Fósforo total	50,0	mg/l
Nitróxeno amoniacal	50,0	mg/l
Aceites e graxas	100,0	mg/l
Fenóis totais	2,0	mg/l
Aldehidos	2,0	mg/l
Deterxentes	12,0	mg/l
Insecticidas	0,1	mg/l
Toxicidade	30,0	U.T.

Esta relación será revisada periódicamente e non se considera exhaustiva senón simplemente enumerativa.

Nos casos nos que o vertido por si só, ou conxuntamente con outros vertidos autorizados con anterioridade, supere no seu caudal horario punta, de 15 minutos, o 5% do caudal medio horario da EDAR, realizarase un estudo específico cos valores límite dos elementos detallados, que poderá ser máis estrito que os especificados con anterioridade.

Artigo 23. Actuación ante vertidos prohibidos.

1. Está prohibida a realización de calquera tipo de vertido que poida causar efectos perniciosos na infraestructura do saneamento, que supoña riscos para as persoas ou molestias para a colectividade.

2. A infracción do disposto no parágrafo anterior deste artigo, independentemente da adopción das medidas legais que correspondan, dará lugar a que o concesionario adopte as seguintes medidas:

a) A prohibición inmediata e total do vertido cando se trate de substancias cuxo efecto prexudicial non poida corrixirse na estación depuradora.

b) A obriga de implantar o tratamento preventivo, por exclusiva conta do abonado, que reduza as concentracións dos elementos contaminantes aos límites permitidos.

3. O concesionario establecerá a vixilancia e comprobación regular dos vertidos e das súas concentracións, completando os medios das entidades públicas destinados a este fin e en estreita colaboración con elas.

Se o concesionario ou os inspectores autorizados descubren a existencia de vertidos irregulares, levántase acta de infracción, que será posta inmediatamente en coñecemento do concello e das autoridades competentes para a imposición das sancións administrativas e para a esixencia das responsabilidades que correspondan.

Artigo 24. Colectores en propiedades particulares.

1. O concesionario non asume responsabilidade ningunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza nas propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento das conducións que discorran por terreos excluídos do viario público.

2. En caso de que os servizos de sanidade do concello ou das entidades públicas que correspondan, por existir risco grave para a saúde pública, logo de informe técnico sanitario en tal sentido, decidiran a necesidade de executar obras de saneamento en terreos non públicos, ou labores de limpeza e desatascos en dominios privados, a corporación municipal poderá ordenar ao concesionario a execución deses traballos e o seu custo correrá a cargo do concello.

Artigo 25. Conexións provisionais e temporais.

1. Nos casos nos que se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicarlle ao

construtor ou solicitante, cando for necesario, o punto autorizado para o vertido de augas residuais.

2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter ningunha materia que, por si mesma ou en reacción coa auga, poida provocar atascos ou danos na condución do saneamento e serán responsables dos danos en que puideran incurrir.

3. A autorización de vertidos, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de saneamento pública será solicitada ao concesionario e aprobada polo concello e consignaranse os datos necesarios para a identificación dos vertidos que se pretendan.

4. O concesionario aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa de saneamento aprobada.

Artigo 26. Baixas no servizo de saneamento.

As autorizacións de vertidos á rede de saneamento quedarán sen efecto nos seguintes casos:

a) A petición del usuario, de non existir finalmente ocupación da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como abonado do abastecemento e, simultaneamente e de xeito consecutivo, do saneamento.

b) Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial o administrativa, a proposta ou non do concesionario, por infracción dos artigos do presente regulamento.

Artigo 27. Consideracións para a autorización de vertidos industriais.

Previamente á conexión da rede pública de saneamento, o concesionario realizará as comprobacións que estime necesarias para controlar que o efluente previsto cumpre as condicións físico-químicas que se especifican neste regulamento.

Se o abonado ocultara datos ou enmascarara as características do efluente, serán de aplicación as actuacións de control e de posible suspensión do servizo que se reflectiron no artigo correspondente deste regulamento.

1. Solicitud de vertidos: toda descarga de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros, deberá contar coa súa correspondente autorización ou permiso de vertido, proporcionado polo concello na forma e condicións que se detallan.

2. Todos os usuarios industriais que teñan que realizar vertidos á rede de sumidoiros deberán efectuar a solicitude correspondente segundo se indica no apartado anterior. Non se permitirá a conexión á rede de abastecemento nin á de sumidoiros ás industrias que non dispoñan da correspondente autorización, emitida de conformidade cos proxectos e informes técnicos presentados.

3. Todos os usuarios industriais que se encontren descargando os seus vertidos actualmente á rede municipal, deberán obter igualmente o dito permiso de vertido dentro do límite da data de entrada en vigor do presente regulamento

4. A solicitude de vertido farase segundo o modelo prescrito polo concello e a esta acompañarase, como mínimo a información que se indica a continuación:

- Nome, enderezo, NIF da entidade xurídica do solicitante, así como os datos de identificación do representante que efectúa a solicitude.

- Volume de auga que consume a industria, con referencia expresa ás captacións particulares, se as houbera.

- Volume de auga residual de descarga e réxime desta, horario, duración, caudal medio, caudal punta e variacións diarias, mensuais e estacionais se as houbera.

- Constituíntes e características das augas residuais que inclúan os parámetros que se describen na Táboa I do Anexo ao

Título IV do Regulamento do dominio público hidráulico, que se xunta como anexo ao presente Regulamento do servizo das augas sen prexuízo de que se indiquen determinacións non descritas especificamente.

- Planos de situación, planta, conducións, instalacións mecánicas e detalle da rede de sumidoiros con dimensións, situación e cotas.

- Descrición da actividade, instalacións e procesos que se desenvolven.

- Descrición do produto obxecto da fabricación, así como dos produtos intermedios ou subprodutos se os houbera, indicando a cantidade, especificacións e ritmo de produción.

- O concello requirirá calquera outra información complementaria que estime necesaria para poder avaliar a solicitude da autorización.

5. A autorización de vertido poderá incluír os seguintes termos: características de las augas residuais vertidas, valores medios e máximos, limitacións sobre o caudal e o horario das descargas, esixencias de instalación de pretratamento, inspección, mostraxe e medición.

6. Con independencia dos requisitos de carácter xeral recollidos nos artigos 20º e seguintes do presente regulamento, que son de obrigado cumprimento, os solicitantes de acometidas de saneamento para residuos industriais deberán presentar ao concesionario un proxecto que conteña a descrición detallada dos seus vertidos, indicando as características físico-químicas, os caudais e a súa periodicidade. Á vista dos datos achegados, o concesionario poderá autorizar ou non a conexión á rede pública de colectores, sen necesidade de tratamento corrector previo.

7. Se da valoración realizada polo concesionario do proxecto citado se desprende que non é posible a autorización dos vertidos e for necesario establecer instalacións correctoras para adecualos aos límites permitidos, o concesionario comunicarllo ao interesado e ordenarlle as correccións que debe introducir, concedéndolle un prazo que estará en razón da súa magnitude.

8.- Nos casos en que sexa necesaria unha determinada instalación de pretratamento dos vertidos, o usuario deberá presentar o seu proxecto técnico, que será aprobado pola Administración Municipal para outorgar a licenza correspondente, logo do informe favorable do concesionario, sen que se poidan alterar posteriormente os termos e especificacións do proxecto aprobado.

9.- Os aparatos de rexistro, medida, control e toma de mostras esixidos, deberán situarse nun lugar accesible e seguro, sinalado previamente nos planos do proxecto.

Á vista do informe do servizo, a Comisión de Goberno acordará cales das actividades actuais deberán dispor das citadas instalacións, así como o prazo para a súa instalación.

10.- Os establecementos industriais, potencialmente contaminantes, deberán instalar e por a disposición do servizo, para os efectos de determinación da carga contaminante, as seguintes instalacións:

a.- Pozo de rexistro.- Cada industria colocará na zona de descarga dos seus vertidos residuais un pozo de mostras, de fácil acceso, libre de calquera interferencia e localizable augas abaixo antes da descarga, fóra da propiedade e situado de tal forma que non poidan alterarse as características do efluente; deberá remitir á Administración planos da situación dos pozos e aparatos complementarios para a súa identificación e censo.

b.- Aforo de caudais.- Cada pozo de rexistro deberá conter un vertedoiro aforador, tipo Parshall, ou semellante, cun rexistro totalizador para a determinación exacta do caudal vertido. Se os volumes de auga consumida e os volumes de auga verti-

da foran aproximadamente os mesmos, a medición de lectura do caudal de augo por contador poderá ser utilizada como aforo do caudal residual. Igualmente, se a procedencia da auga de captación propia é dun pozo ou doutras fontes, poderá habilitarse unha fórmula indirecta de medición dos caudais vertidos.

c.- Mostras.- A técnica da toma de mostras variará segundo a determinación a realizar.

Para concentracións máximas que non poidan ser superadas en ningún momento a medida será instantánea a calquera hora do día. Para concentracións medianamente representativas de valores de cargas residuais contaminantes, as medidas serán horarias, integradas proporcionalmente ao caudal e tomadas durante o período de vertidos. Os requirimentos mínimos para calcular a contía representativa dos vertidos serán concretados pola Administración de acordo coa industria interesada e poderán revisarse cando se estime oportuno.

Aquelas industrias que pola súa dimensión e/ou contaminación resulten significativas polas súas augas residuais e/ou volumes de vertido, necesitarán un aparato de toma de mostras automático, proporcional ao caudal e con análises durante todo o ano.

d.- Pretratamento.- En caso de existiren pretratamentos individuais ou colectivos, legalmente autorizados, e que particular ou colectivamente realicen tratamento dos vertidos industriais, deberán instalar á saída dos efluentes depurados, un pozo de mostras coas mesmas condicións e requisitos que os mencionados no apartado a) deste artigo.

Artigo 28. Instalacións interiores en vertidos industriais.

1. A execución das obras e instalacións de saneamento interiores, a súa conservación e a garantía do seu correcto funcionamento estarán a cargo dos propietarios ou titulares da industria e o seu estado poderá ser comprobado por persoal do concesionario cando sexa necesario, en razón das garantías de control e bo servizo que está obrigado a subministrar.

2. O usuario será o responsable da construción, mantemento e explotación das instalacións que se deban realizar, co obxecto de satisfacer as esixencias do regulamento. A inspección e comprobación do funcionamento das instalacións de pretratamento é facultade e competencia do Servizo Municipal de Augas.

Artigo 29. Análise a efectuar nos vertidos industriais.

1. As análises e probas para comprobar as características dos vertidos efectuarase por persoal facultativo do concesionario, cos seus medios ou cos que foran necesarios, de acordo cos métodos estándar da APHA, AWWA e WPEF ou, cando corresponda, polos métodos patrón aprobados polo concello ou polos organismos competentes.

2. O concesionario utilizará os procedementos normalizados polo concello ou administración competente para os casos máis frecuentes de homoxeneización, neutralización, identificación e almacenamento de substancias, análises dos vertidos prohibidos, separación de graxas e aceites, decantación de sólidos, etc. Non obstante, os interesados poderán propor un sistema de control e identificación distinto, que deberá ser previamente aprobado pola administración competente.

3. Os gastos das análises correrán a cargo do abonado, empresa ou particular que sexa causante dos vertidos ou, cando corresponda, de quen encargue a realización das probas de identificación ou os seus contrastes.

4. Se das comprobacións e análises que se efectúen para estes efectos se determina que os resultados do tratamento corrector non son os previstos no proxecto aprobado ou resultan insuficientes, o usuario está obrigado a introducir as modificacións necesarias para obter os resultados do proxecto inicial.

Artigo 30. Inspección e control dos vertidos.

1. Os servizos correspondentes do concello ou, por delegación destes, o concesionario do Servizo Municipal, exercerá a inspección e vixilancia periódica das instalacións de vertido de auga residual á rede de sumidoiros, arquetas de rexistro e instalacións do usuario, co obxecto de comprobar o cumprimento do disposto no presente regulamento.

2. As inspeccións e controis poderán ser realizadas por iniciativa do concello ou do concesionario indistintamente, cando calquera dos dous o considere oportuno.

3. O usuario facilitaralles aos inspectores o acceso ás distintas instalacións, a fin de que poidan realizar o seu cometido. Do mesmo xeito, porá á disposición dos inspectores os datos, a información, as análises, etc. que estes lle soliciten, relacionados coa dita inspección.

4. Os inspectores deberán acreditar a súa identidade mediante a documentación expedida polo concello.

5. Non será necesaria a comunicación previa das visitas dos inspectores e o usuario débelle facilitar o acceso ás instalacións, no momento en que estas se produzan. A negativa por parte do usuario no cumprimento deste artigo, será considerada como infracción ao presente regulamento, o que supón a suspensión temporal ou definitiva da autorización do vertido á rede de sumidoiros e a clausura das obras de conexión a esta.

6. O concesionario do servizo deberalle esixir periodicamente ás industrias un informe de descarga que deberá incluír os caudais efluentes, as concentracións contaminantes e, en xeral, a definición completa das características do vertido.

Artigo 31. Accións regulamentarias ante vertidos de características non autorizadas.

1. Os vertidos industriais á rede de sumidoiros que non cumpran calquera das limitacións ou prohibicións que se especifican no presente regulamento, darán lugar a que a Administración (concello) adopte algunha ou algunhas das medidas seguintes:

- Prohibición total do vertido cando, existindo o incumprimento, este non poida ser corrixido nin nas instalacións depuradoras, nin nas do usuario.

- Esixirle ao usuario a adopción das medidas necesarias en orde á modificación do vertido, mediante un pretratamento deste, ou modificación no proceso que o orixina.

- Esixirle ao responsable de efectuar o vertido, provocar ou permitir a descarga, o pago de todos os gastos e custos adicionais aos que o concesionario do servizo tivera que facer fronte como consecuencia dos vertidos, por deterioros, avarías, limpeza, etc.

2. No caso de danos a terceiros como consecuencia do incumprimento das normas deste regulamento, como no caso dos vertidos prohibidos ou dos autorizados que non cumpran as condicións de limitación, a responsabilidade será por conta das entidades causantes do vertido, sen prexuízo da aplicación polo concello das sancións e medidas a adoptar fixadas por este.

CAPÍTULO IV**RÉXIME ECONÓMICO****1.- FACTURACIÓN, COBRO E INFORMACIÓN****Artigo 32. Facturación**

Como norma xeral, a determinación dos vertidos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas

dos dous períodos consecutivos de facturación. O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente.

O concesionario poderá modificar o tipo de tarifa a aplicar ao usuario, se este usa a auga para fins distintos aos especificados no contrato

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente vertidos, como consecuencia dunha avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo co consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; no caso de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo coa media aritmética dos seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter o termo medio ao que se alude no parágrafo anterior, facturarse a cota mínima trimestral.

3. A obrigatoriedade do pago considerarase extensiva aos casos nos que o consumo se orixine por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, por causas non imputables á empresa concesionaria.

Artigo 33. Vertido de augas de orixe distinto á rede de abastecemento municipal.

1. Naqueles casos en que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, exclusivamente ou xunto coa rede pública de abastecemento, e veritan as súas augas residuais á rede pública de saneamento, o abonado instalará a seu cargo os aparatos de medición adecuados que servirán de base para a facturación.

2. Non se poderán verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios e provenientes de mananciais ou filtracións do terreo. No caso de que fora autorizado o dito vertido por non haber outra posibilidade, o seu responsable está obrigado a aboar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados no bombeo e depuración polo caudal vertido.

Artigo 34. Abono dos recibos.

1. O abonado poderá facer efectivos os importes facturados polo concesionario preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria cunha oficina aberta no termo municipal ou, no seu defecto, nas oficinas do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

2. En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ao abonado, será por conta deste a totalidade dos gastos que se produzan con motivo da dita devolución, incluída a liquidación dos xuros de demora correspondentes.

Dúas devolucións consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

3. Pasado el período voluntario sen facer efectivo o correspondente recibo, iniciarase o expediente de suspensión do servizo, sen prexuízo de que o importe non pagado quede incluído no procedemento de constrinximento.

4. Para os casos de morosidade no abono dos recibos, o concello autorizará a xestión da suspensión do servizo. Desde ese momento corren a cargo do abonado os gastos da dita xestión (elaboración de comunicados, certificado de correos, etc.), así como os gastos da reposición do servizo..

Artigo 35. Información ao abonado sobre a facturación.

O abonado poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada co vertido que se xerara no período dos dous anos anteriores á data da presentación da petición correspondente.

O concesionario disporá dunha oficina de información ao público dentro do casco urbano da vila, para os efectos de información e reclamacións.

Artigo 36. Devolución de ingresos indebidos.

1. O abonado terá dereito a reclamarlle ao concesionario a devolución de ingresos indebidos. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida ou calquera outra causa que provocara o erro.

2. Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos da reclamación, e acompañaranse a esta os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que para o caso corresponda.

3. O concesionario queda obrigado a resolver a reclamación coa maior brevidade.

4. Non será atendida ningunha reclamación sobre vertidos á rede de sumidoiros que non sexa formulada polo abonado ou persoa que o represente legalmente.

Artigo 37. Baixa no servizo.

Cando o abonado desexe causar baixa no subministro, estará obrigado a aboar todos os recibos pendentes e o importe total da facturación do trimestre no que cause baixa.

2.- INSPECCIÓN E SANCIÓNS

Artigo 38. Acta de inspección.

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflectirase nun documento que adoptará a forma de acta, no que quedarán reflectidos o nome e domicilio do abonado inspeccionado, o día e a hora da inspección e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ao abonado.

2. Os inspectores deberán invitar ao abonado, ao persoal dependente deste, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar como testemuña, a que presencie a inspección e asine a acta. O abonado pode facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará á tramitación nin ás conclusións que se establezan posteriormente. O abonado poderase dirixir, posteriormente, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á oficina do servizo ou ao concello. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou por quen acredite a súa representación.

Artigo 39. Liquidación da fraude.

1. O concesionario, en posesión da acta, formulará a liquidación da fraude. Para os efectos da devolución e das responsabilidades da fraude, establécense os seguintes casos:

- a) Que non exista ningún contrato para a conexión ao saneamento.
- b) Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparato de medida.
- c) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratos e que isto afecte á facturación dos vertidos segundo a tarifa a aplicar.

2. O concesionario practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

Caso a. Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do con-

tador que regulamentariamente corresponda ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo de tres meses.

Caso b. Se se falsearon as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal deste, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do caudal nominal do contador e computarase o tempo a considerar en oito horas diarias, durante un período de tres meses, descontando os consumos que durante este período de tempo foran aboados polo autor da fraude.

3. En todos os casos, o importe da fraude deducido estará suxeito aos impostos que lle repercutan.

4. As liquidacións que formule o concesionario seranlle notificadas á Administración Municipal e contra estas o abonado poderá formular as reclamacións que considere oportunas, no prazo de quince días a contar desde a notificación da dita liquidación, sen prexuízo das demais accións que consideren oportunas.

Artigo 40.-

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento, dará lugar á imposición de sancións aos infractores, conforme o previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da existencia de danos e prexuízos e das responsabilidades da orde penal que procedan.

Disposicións finais

1. Para o non previsto neste regulamento, atenderase ao establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral ditadas sobre a materia.

2. Derróganse todas as disposicións anteriores que se oponían ao preceptuado neste regulamento.

3.- Este Regulamento entrará en vigor unha vez que o Concello Pleno o aprobe inicialmente, o expoña ao público durante un prazo mínimo de 30 días e o aprobe con carácter definitivo.

Carnota a 2 Xaneiro 2006

O ALCALDE

Asdo.Xosé Manuel García Martínez

328-x

CARNOTA

EDICTO

Normativa

APROBADO INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL EN SESION EXTRAORDINARIA DE 21 DE DICIEMBRE DO 2.006,

O REGULAMENTO MUNICIPAL DE VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SUMIDOIROS

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 49 DA LEI 7/1985 de 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL, EXPONSE A INFORMACION PUBLICA E AUDIENCIA ÓS INTERESADOS PARA A PRESENTACION DE RECLAMACIÓN S E SUXERENCIAS, DURANTE 30 DIAS A PARTIRES DA PUBLICACION DESTE ANUNCIO NO B.O.P. NO CASO DE QUE NON HOUBERA NINGUNHA RECLAMACION, ENTENDERASE DEFINITIVAMENTE APROBADO.

CONCELLO DE CARNOTA**REGULAMENTO MUNICIPAL DE VERTIDOS NON DOMÉSTICOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE DE SUMIDOIROS****TÍTULO I****DISPOSICIÓN XERAIS****Artigo 1:**

O presente regulamento establece os vertidos non domésticos de augas residuais á rede municipal de sumidoiros procedentes das actividades que se desenvolvan no termo municipal de CARNOTA (A CORUÑA).

Para os efectos do presente regulamento, considéranse vertidos non domésticos toda materia residual sólida, pastosa, líquida ou gasosa, incluídas as augas de refrixeración, de lavado ou de proceso, resultantes da actividade manufacturera ou industrial ou de desenvolvemento, recuperación ou procesado de recursos naturais.

Artigo 2:

As normas contidas no presente regulamento serán aplicables a todas as instalacións, establecementos, actividades, industrias ou almacéns susceptibles de efectuar vertidos non domésticos de augas residuais, sexan públicos ou privados, calquera que sexa o seu titular, existentes ou que no futuro se establezan, cando estean enclavados no termo municipal e que se denominarán xenericamente "actividades".

Artigo 3:

O presente regulamento contén as condicións e limitacións dos vertidos non domésticos, tendo en consideración o seu efecto sobre a rede de sumidoiros, estacións depuradoras, medios receptores e o posible aproveitamento dos subprodutos, así como impedindo a xeración de riscos para o persoal encargado do mantemento das instalacións e para a saúde pública.

Artigo 4:

Serán, así mesmo, aplicables aos dispositivos de evacuación de vertidos, ás acometidas da rede de sumidoiros e, en xeral, ás instalacións establecidas para esta finalidade, tanto as normas contidas nos instrumentos de planeamento urbanístico ou de urbanización, como as regulacións sectoriais que lles afecten.

En especial, toda actividade que use a rede pública de sumidoiros para evacuar os vertidos líquidos deberá dispor da correspondente identificación industrial.

TÍTULO II**CONDICIÓN DOS VERTIDOS****CAPÍTULO I- VERTIDOS PROHIBIDOS****Artigo 5:**

Queda totalmente prohibido verter directa o indirectamente á rede de sumidoiros augas residuais ou calquera outro tipo de refugos sólidos, pastosos, líquidos ou gasosos que, por razón da súa natureza, propiedades e cantidade causen ou poidan causar, por si sos ou por interacción con outros refugos, algún ou varios dos seguintes efectos sobre a rede de sumidoiros:

a).- Formación de mesturas inflamables ou explosivas.

b).- Efectos corrosivos sobre os materiais constituíntes da rede municipal de sumidoiros, das súas instalacións e das instalacións e equipos das estacións depuradoras ou a alteración ou destrución dos procesos de depuración.

c).- Creación de condicións ambientais molestas, nocivas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o acceso ou o labor do persoal encargado da limpeza, mantemento ou funcionamento das instalacións, ou poidan ocasionar calquera molestia ou perigo público e, en concreto, a formación de gases tóxicos nos colectores, que superen as concentracións máximas que se recollen no Anexo II do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

d).- Producción de sedimentos, incrustacións ou outras obstrucións físicas que dificulten o libre fluxo da auga polos colectores, obstaculicen os traballos de limpeza, conservación e reparación da rede de sumidoiros, como borralla, area, barro, palla, labras, vidro, plásticos, trapos, plumas, alcatrán, madeira, lixo, esterco, pezas metálicas, desperdicios dos animais, pelo, vísceras, pezas de vaixelas, amianto, envases de calquera material e outras análogas, xa sexan enteiras ou trituradas por motivos de desperdicios.

Artigo 6:

Queda prohibido verter á rede de sumidoiros calquera dos seguintes produtos:

a).- Gasolinas, naftas, petróleo e produtos intermedios de destilación, benceno, tolueno, xileno e calquera disolvente ou líquido orgánico inmisible en auga e combustible ou inflamable.

b).- Todo tipo de aceites industriais con base mineral ou sintética, lubricantes que se volvesen inadecuados para o uso que se lles asignara inicialmente e, en particular, os aceites usados de motores de combustión e dos sistemas de transmisión, así como os aceites minerais lubricantes, aceites para turbinas, sistemas hidráulicos e outras emulsións.

c).- Residuos que pola súa concentración ou características tóxicas ou perigosas requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais e, en especial, os regulados na lexislación de residuos tóxicos e perigosos, os residuos líquidos ou augas residuais que conteñan policlorobifenilos (PCB) ou policloroterfenilos (PCT)

d).- Augas residuais con valor de pH inferior a 6 ou superior a 10.

e).- Disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción e cantidade.

f).- Carburo cálcico e outras substancias sólidas potencialmente perigosas (hidruros, peróxidos, cloratos, percloratos, bromatos, nitruros, sulfuros, etc.) .

g).- Residuos de isótopos ou produtos radioactivos que superen os límites establecidos no Real decreto 2519/1982, do 12 de agosto, que aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes e na súa modificación aprobada polo Real decreto 1753/1987.

h).- Residuos procedentes da limpeza de fosas sépticas.

i).- Todos os residuos ou mesturas que conteñan substancias que non poidan ser eliminadas cos procesos de tratamento das estacións depuradoras de augas residuais urbanas ou que non sexan vertidos tolerados ou atípicos, conforme os artigos seguintes

CAPÍTULO II.- VERTIDOS TOLERADOS**Artigo 7:**

Todas as actividades que vertan ou poidan verter á rede de sumidoiros substancias contaminantes ás que fai referencia a relación I do Anexo ao Título III do Regulamento do dominio público hidráulico, deberán declarar as concentracións de vertido das referidas substancias para os efectos de autorizar o vertido á rede de sumidoiros.

Permitirase o vertido á rede municipal de sumidoiros daqueles efluentes que, atendendo ás súas características, non superen as concentracións establecidas a continuación para os seguintes parámetros físico-químicos:

Parámetro	Unidade	Máximo instantáneo
Temperatura	°C	40
Sólidos en suspensión	mg/l	600
Sólidos sedimentables	mg/l	5
pH	unidades	6 - 10
DB05	mg/l	600
DQO	mg/l	1500
Aceites y graxas	mg/l	100
Fenóis	mg/l	5
Deterxentes aniónicos	mg/l	12
Aldehidos	mg/l	4
Insecticidas	mg/l	0,2
Cloruros (Cl-)	mg/l	2000
Sulfatos(SO42-)	mg/l	2000
Sulfitos(SO3 2-) mg/l	mg/l	10
Fluoruros (F-)	mg/l	10
Cianuros (CN-)	mg/l	1
Amoniaco (NH3)	mg/l	30
Nitratos (NO3-)	mg/l	20
Nitróxeno total Kjeldahl	mg/l	50
Fosfatos (PO4 3-)	mg/l	60
Aluminio (Al)	mg/l	10
Arsénico (As)	mg/l	1
Bario (Ba)	mg/l	20
Boro (B)	mg/l	5
Cadmio (Cd)	mg/l	0,2
Cobalto (Co)	mg/l	0,2
Cobre (Cu)	mg/l	0,5
Cromo total (Cr)	mg/l	4
Cromo hexav. (Cr6+)	mg/l	0,5
Ferro (Fe)	mg/l	10
Manganeso (Mn)	mg/l	2
Mercurio (Hg)	mg/l	0,05
Molibdeno (Mo)	mg/l	0,02
Níquel (Ni)	mg/l	2
Chumbo (Pb)	mg/l	0,7
Selenio (Se)	mg/l	0,5
Estaño (Sn)	mg/l	5
Cinc (Zn)	mg/l	5
Sulfuros	mg/l	5
Prata (Ag)	mg/l	2

Os límites para os metais pesados entenderanse como metais totais, non como metais diluídos.

Artigo 8:

Co fin de garantir un réxime de vertidos regular e continuo, quedan prohibidos aqueles vertidos periódicos ou espontáneos cando a súa concentración ou caudal excedan, durante un prazo de quince minutos, en máis cinco veces o termo medio de concentración ou caudal de vertido durante a xornada laboral.

Cando resulte necesario para o cumprimento do presente artigo, deberanse instalar pretratamentos de homoxeneización e neutralización e, en particular, depósitos de regulación.

CAPÍTULO III.- VERTIDOS ATÍPICOS

Artigo 9:

Será obrigatoria a adopción de medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de vertidos que infrinxan o establecido no presente regulamento.

De producirse unha situación de emerxencia ou de risco inminente, por causa dun vertido inusual, a persoa titular da actividade comunicarlle automaticamente ao Concello de

CARNOTA esta circunstancia co fin de adoptar as medidas oportunas de protección das instalacións públicas e dos medios receptores. Seguidamente, remitíralle ao concello un informe detallado que conterá os seguintes datos:

- Características físico-químicas do vertido.
- Volume de vertido.
- Duración.
- Lugar da descarga.
- Causas que a orixinaron.
- Medidas adoptadas e correccións para evitar a súa reprodución no futuro.

O concello investigará as causas que motivaron a situación de emerxencia ou de risco, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorra a persoa titular da actividade.

TÍTULO III

AUTORIZACIÓNS DE VERTIDO

CAPÍTULO I.- AUTORIZACIÓNS DE NOVAS INSTALACIÓNS

Artigo 10:

Todas as solicitudes de licencia municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar vertidos de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros, deberán ir acompañadas da correspondente Autorización de Vertido e dunha copia da Declaración de Vertidos presentada ante a empresa concesionaria da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento deste concello.

A Autorización de Vertido será concedida pola empresa concesionaria, conforme a Declaración de Vertidos subscrita polo peticionario e o técnico redactor competente, e terá un carácter xeral para todos os vertidos líquidos producidos pola actividade.

A información descritiva que se debe achegar na Declaración de Vertidos de augas residuais á rede de sumidoiros incluírá os seguintes apartados:

A.- Datos xerais: nome da empresa, enderezo, actividade, número CNAE (3 díxitos), clase da actividade segundo o Regulamento do dominio público hidráulico (RD 849/1986), quen-das de fabricación, días produtivos por ano e NIF.

B.- Subministro de auga: caudal total anual, medio diario e máximo horario para os casos de abastecemento municipal ou autoabastecemento de auga superficial ou subterránea.

C.- Materias primas, produtos e procesos: cantidades anuais de materias primas principais, produtos principais e aditivos empregados, denominación e descrición dos procesos que empregan auga, usos da auga, caudais e tempo de uso.

D.- Efluentes líquidos de vertido continuo: augas fecais, augas de refrixeración, augas de proceso e augas de lavado.

E.- Efluentes líquidos de vertido discontinuo: descrición do vertido líquido residual, proceso que o xera, cantidade producida e horario das descargas.

F.- Sistema de seguridade para o caso de descargas accidentais.

O Concello de CARNOTA deseñará os modelos de impreso para o desenvolvemento da Declaración de Vertidos.

A concesión da Autorización de Vertido á rede de sumidoiros estará condicionada á obtención da licenza municipal da instalación, á actividade da que se trate e ao control preventivo do cumprimento do presente regulamento

Para este fin, nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo RAMINP que orixinen ou poidan orixinar vertidos non domésticos de augas residuais á rede de sumidoiros, a Declaración de Vertidos incluírá un estudo xustificativo sobre as medidas correctoras previstas para que os vertidos de augas residuais cumpran o estipulado no presente regulamento.

Este estudo conterà, como mínimo, os seguintes datos:

a).- Usos da auga.

Baixo este epígrafe teranse que recoller, como mínimo, cada un dos distintos usos industriais da auga:

1. Caudais e características físico-químicas de cada un dos efluentes líquidos residuais sen tratar.

2. Localización dos efluentes líquidos residuais (punto de conexión co saneamento ou coa instalación correctora), marcado no plano de planta.

b).- Medidas correctoras aplicadas.

Débase xustificar que as características do total dos caudais empregados nas instalacións obxecto do proxecto de actividade non cumpran os límites tolerados relacionados no artigo 7 do presente regulamento.

Esta xustificación conterà, cando menos, os seguintes apartados:

1. Tipo de tecnoloxía a empregar.

2. Descrición das instalacións de depuración ou eliminación para os efluentes líquidos xerados.

3. Localización das instalacións de depuración e eliminación, da arqueta ou rexistro individual do vertido líquido final ao saneamento municipal, grafados nun plano de planta.

4. Características físico-químicas do vertido unha vez tratado.

c).- Información sobre os residuos perigosos xerados:

1. Residuos lamacentos.

2. Aceites usados.

3. Outros residuos tóxicos e perigosos.

4. Destino que se lles dá aos subproductos orixinados na depuración, se os hai, en función das súas características, segundo o estipulado en el RD 833/1988, do 20 de xullo.

Cando os datos consignados na Declaración de Vertidos non estea debidamente acreditados ou existan indicios racionais de anomalías nos datos presentados, poderáselle requirir ao interesado ou peticionario que presente unha análise do vertido realizado por un laboratorio homologado. O técnico redactor competente e o peticionario serán responsables dos datos consignados na Declaración de Vertidos.

As actividades clasificadas que orixinen ou poidan orixinar vertidos directos de augas residuais a leitos ou augas subterráneas, ou desde terra ao mar, deberán solicitar a Autorización do Vertido de augas residuais ao órgano administrativo competente, con carácter previo á solicitude da licenza municipal de actividades e instalacións, xuntando o xustificante co responde con esta.

Artigo 11:

A Autorización de Vertido á rede de sumidoiros estará condicionada á comprobación do establecemento e á eficacia das medidas correctoras contidas no proxecto de instalación ou fixadas na licenza de instalación, para o que se deberá dispor dunha licenza de apertura ou autorización de posta en marcha e de acordo, cando corresponda, co procedemento establecido para a concesión de licenzas de actividades clasificadas.

As solicitudes de Autorización de Vertido formuladas polos interesados serán resoltas nun prazo máximo de tres meses e coa maior celeridade posible. Na Autorización de Vertido poderanse establecer limitacións e condicións con respecto aos valores máximos e medios permitidos das concentracións de contaminantes, características físico-químicas das augas residuais vertidas, límites de caudal de vertido, horario das descargas, instalacións de depuración, frecuencia de mostraxes e medicións, mantemento, informes técnicos, libro de rexistro e condicións complementarias que garantan o cumprimento do presente regulamento.

A comprobación da declaración de vertidos líquidos é vinculante para a posta en marcha e funcionamento de cada actividade ou industria clasificada. A Autorización de Vertido ten carácter provisional ata a realización da citada comprobación polo concello. A dita comprobación será realizada por persoal competente (persoal municipal acreditado e/ou persoal técnico da empresa concesionaria do servizo) o peticionario da licenza de actividade ou industria clasificada disporá dun prazo de vinte días para solicitar a comprobación, logo da concesión da alta de abastecemento e saneamento pola empresa concesionaria.

Cando a comprobación de vertidos líquidos sexa desfavorable, a empresa concesionaria dará inmediatamente de baixa no servizo a actividade, mentres non se corrixan as deficiencias observadas. A Declaración de Vertidos, a Autorización de Vertido e a Comprobación de Vertidos líquidos son os documentos básicos para o control dos vertidos non domésticos de augas residuais. Coa comprobación dos vertidos poderanse anular, modificar ou ampliar as condicións e as limitacións impostas na autorización do vertido. Toda a información acumulada será incluída no correspondente inventario ou rexistro de vertidos á rede de sumidoiros, conxuntamente coa identificación industrial.

Artigo 12:

Cando pola natureza do vertido se precisen ensaios posteriores ou comprobacións do funcionamento das instalacións, logo da solicitude do titular, fixarase o prazo para efectuar os ensaios e comprobacións. Á súa finalización, a persoa interesada solicitará a Autorización do Vertido.

Durante o prazo indicado poderanse conceder permisos provisionais de subministro de auga. Non obstante, todas as autorizacións de vertido á rede de sumidoiros son revisables como máximo cada catro anos e poden ser revocadas en caso de incumprimento das súas condicións, para o cal deben ser semellantes os datos procedentes do control municipal e aqueles procedentes do autocontrol da empresa.

Para poder realizar cambios no vertido con respecto aos datos declarados, débese solicitar novamente unha autorización. O Concello de CARNOTA poderá, en calquera momento, esixir os datos de autocontrol das actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento de auga igual ou superior aos 3000 m durante o último ano e será obrigatorio levar un rexistro con, cando menos, os parámetros explícitos tanto na Autorización de Vertido como na Comprobación de Vertidos líquidos durante os últimos catro anos, para verificar que os vertidos non superen as limitacións establecidas no presente regulamento. Para isto, o titular da autorización do vertido tomará as mostraxas e realizará as análises correspondentes coa periodicidade fixada e remitiráas anualmente ao Concello de CARNOTA durante os primeiros catro anos.

Artigo 13:

A existencia de Autorización de Vertido será necesaria para formalizar os contratos de subministro de auga ás actividades e para a concesión da licenza municipal de actividades e instalacións.

CAPÍTULO II.- INSTALACIONES EXISTENTES

Artigo 14:

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licenza municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor do presente regulamento, deberanse axustar aos límites e condicións de vertido desta no prazo de UN ANO, prorrogable por outro ano máis, presentando previamente o proxecto de adaptación e se existen razóns que así o xustifiquen. Durante o indicado prazo deberán respectarse os límites fixados na normativa vixente con anterioridade.

Artigo 15:

As actividades ás que se refire o artigo anterior disporán dun prazo de seis meses para presentar ante o concello, a través da empresa concesionaria, unha Declaración de Vertidos na que se inclúa un estudo sobre o caudal e o seu réxime, concentración de substancias e características para as que se establecen limitacións no presente regulamento, así como as medidas correctoras necesarias para adaptarse ás determinacións do presente regulamento, conforme o sinalado nos artigos 10 e 11.

As instalacións en funcionamento que dispoñan de licenza municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor do presente regulamento e que pretendan verter ao saneamento de nova construción, deberán presentar, con carácter previo, a correspondente Declaración de Vertidos, para os efectos da posible autorización de "vertido non doméstico", conforme o sinalado nos artigos 10 e 11.

Todas as actividades en funcionamento sen licenza municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar vertidos de augas residuais que pretendan verter á rede de sumidoiros deberán solicitar a correspondente licenza municipal de actividades e instalacións e tramitaranse conforme ao sinalado nos artigos 10 e 11, sen prexuízo do cumprimento da legalidade urbanística, especialmente no caso daquelas actividades sometidas ao regulamento sobre actividades clasificadas.

CAPÍTULO III.- MODIFICACIÓN DE INSTALACIONES

Artigo 16:

Non se poderán autorizar ampliacións ou modificacións de instalacións existentes de non se respectaren, no conxunto das instalacións ampliadas ou modificadas, as condicións esixidas para as novas instalacións.

Artigo 17:

Calquera modificación que o titular dunha instalación desexe introducir nas materias primas, maquinaria, proceso produtivo, sistema de depuración ou de saneamento que poida afectar ao réxime de vertidos á rede de sumidoiros, deberase pór en coñecemento do concello para a súa autorización ou impor, cando corresponda, as correccións oportunas.

Artigo 18:

En todo caso, o concello poderá requirir ás actividades instaladas, para que corrixan as deficiencias que se observen co fin de cumprir as esixencias contidas no presente regulamento e nas mesmas condicións que as novas instalacións.

TÍTULO IV

CONTROL DE VERTIDOS

CAPÍTULO 1.- INSPECCIÓN DE VERTIDOS

Artigo 19:

O Concello de CARNOTA, a través dos seus servizos de inspección e da empresa concesionaria do Servizo Municipal

de Abastecemento de Auga e Saneamento, exercerá de oficio a inspección e vixilancia periódica das actividades que vertan á rede de sumidoiros.

A inspección e vixilancia alcanzarán ás instalacións das actividades que poidan afectar á calidade do vertido e, en especial, ás arquetas de rexistro, ás conducións de saneamento, aos procesos produtores de vertidos e ás plantas de pretratamento e depuración das augas.

Artigo 20:

As visitas de inspección serán realizadas por persoal inspector competente (persoal municipal debidamente acreditado ou persoal técnico da empresa concesionaria) sen que se requira a previa advertencia ao titular de la actividade.

Os titulares das actividades deberán facilitar a práctica da inspección e, para este fin, estarán obrigados ás seguintes actuacións:

a).- Facilitar o acceso do persoal inspector ás distintas instalacións relacionadas co vertido, así como á instalación e montaxe dos equipos e instrumental de control.

b).- Permitir a utilización de todos cantos instrumentos utilice a empresa coa finalidade de autocontrol, especialmente aqueles destinados para a medida de caudais, toma de mostras e as correspondentes análises.

c).- Pór á disposición do persoal inspector os datos, partes de traballo, análises, libro de rexistro e toda canta información requiriran en relación coa inspección.

Da inspección levantarase unha acta por triplicado que asinarán o inspector e a persoa responsable da actividade no momento de realizarse a inspección e farase constar no libro de rexistro de visitas.

O libro de rexistro de visitas será facilitado polo Concello de CARNOTA e a persoa titular da actividade deberao gardar e polo a disposición do persoal inspector competente, cando así o soliciten en cada visita.

Poderase recoller unha mostra do vertido de augas residuais, por triplicado, que quedará precintada e etiquetada. Neste caso, entregaráse ao interesado conxuntamente cun exemplar da acta de inspección, unha das mostras tomadas e deixarase outra mostra en depósito para a posible análise dirixida.

Se no momento da inspección non está presente a persoa titular ou o responsable da actividade se nega á toma da mostra do vertido, esta quedará en depósito e o interesado disporá de 24 h a partir da recollida oficial para retirala.

Despois de que transcorra este prazo decaerá no dereito a facer a análise contraditoria por tratarse dun produto que pode modificar as súas características físicas, químicas e biolóxicas co paso do tempo. No caso de facer a análise contraditoria, deberase presentar nas instalacións municipais co técnico analista designado, nas 24 horas seguintes á recollida oficial, portando a mostra que obra no seu poder.

Despois de que finalice este prazo, tamén decae no seu dereito de facer a dita análise. Os parámetros analíticos serán os especificados na comprobación de vertidos líquidos ou, no seu defecto, na autorización de vertidos pero, en todo caso, deberán ser polo menos os seguintes: pH, conductividade, sólidos en suspensión, DBO5, DQO e aceites e graxas.

Artigo 21:

Os titulares das actividades deberanlle remitir ao concello un informe periódico no que se sinala a definición da carga contaminante que verten e que incluíra os caudais de vertido, a concentración de contaminantes, a duración e os demais elementos necesarios para a súa definición.

A periodicidade do informe será establecida en cada caso pola Alcaldía, en atención aos resultados das inspeccións practicadas polo concello e dos niveis de carga contaminante que se comproben, así como do caudal do vertido.

CAPÍTULO II.- MOSTRAXE DE VERTIDOS

Artigo 22:

Será obrigatoria a existencia de saneamento independente para cada actividade ata conectar coa rede municipal de sumidoiros e, para este fin, nas operacións de división de pavillóns existentes, mantendo a unidade parcelaria nas edificacións pegadas nunha mesma parcela, deberanse establecer saneamentos independentes para cada unha das unidades edificadas.

Artigo 23:

Con independencia doutras arquetas comúns e antes destas, todas as actividades, instalacións industriais ou industrias que vertan á rede municipal de sumidoiros, disporán dunha única arqueta ou rexistro individual para o vertido das augas residuais, que recolla todas aquelas que proveñan da actividade e que deberán estar situadas dentro da súa parcela, augas abaixo do punto de vertido, nun lugar accesible desde o exterior para os servizos de inspección, libre de todo obstáculo e que se encontrará no estado de limpeza adecuado para a súa función.

As súas dimensións e características deberán permitir aos servizos técnicos municipais tanto a recollida de mostras como a determinación do caudal vertido. Para isto, o Concello de CARNOTA establecerá un modelo de arqueta-tipo para o control individual de efluentes industriais, ao que se deberán axustar.

Artigo 24:

As actividades en funcionamento no momento da entrada en vigor da presente ordenanza disporán dun prazo de SEIS MESES para a instalación da arqueta para a toma de mostras nas condicións establecidas no presente regulamento. Esta esixencia deberá ser cumprida estrictamente por todas as actividades que pertencen a algún dos grupos seguintes:

1.- Actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento igual ou superior a 3000 m durante o pasado ano.

2.- Actividades que superen, ou poidan superar, nalgún momento algunha das limitacións contempladas no artigo 7 deste regulamento.

Este prazo ampliarase a UN ANO para aquelas actividades que precisen realizar obras para independizar as redes de saneamento comúns a varias actividades, ou que precisen realizar obras para unificar os vertidos dunha soa actividade nunha única arqueta.

Artigo 25:

Cando o caudal e a carga contaminante de vertido o fagan aconsellable para un control continuo de determinadas actividades especialmente contaminantes, o concello esixirá a instalación de equipos de medición de aforo, toma de mostras e control que sexan precisos.

Estes equipos de alerta, que serán propiedade dos titulares das actividades, instalaranse no lugar que o concello sinal e deberanse encontrar nun estado de conservación adecuado.

Artigo 26:

A técnica na toma de mostras variará segundo a determinación a realizar. Para vertidos prohibidos a toma de mostras poderá ser instantánea, tomada en calquera punto da instalación de saneamento e en calquera momento

Para vertidos tolerados a toma de mostras realizarase na arqueta final do vertido, terá unha duración mínima dunha hora e será proporcional ao tempo de vertido. Farase de acordo cos estándares internacionais ISO 5667-10 ou coa norma equivalente.

CAPÍTULO III.- CONTROL ANALÍTICO DE VERTIDOS

Artigo 27:

As mostras recollidas polos servizos municipais de inspección analizaranse inicialmente no laboratorio municipal. Non obstante, o persoal inspector poderá determinar in situ aqueles parámetros que poidan ser analizados deste xeito mediante técnicas normalizadas, o que se reflectirá na acta correspondente.

Artigo 28:

As análises para comprobar as características dos vertidos efectuaranse de acordo cos métodos patrón adoptados polo laboratorio municipal, conforme o disposto na lexislación sobre métodos oficiais para augas ou, cando corresponda, nos métodos descritos no Standard methods for the examination of water an wastewater.

Artigo 29:

No caso de desconformidade cos resultados da mostra inicial, a persoa interesada poderá realizar unha análise contraditoria coa mostra que obra no seu poder debidamente precintada.

Para este fin, o interesado disporá dun prazo de oito días desde a recepción dos resultados obtidos no laboratorio municipal, para notificar que un laboratorio homologado ou admitido previamente polo concello aceptou a mostra, ou que o laboratorio elixido é o laboratorio municipal

Cando o laboratorio sexa un laboratorio homologado, a persoa interesada disporá do prazo dun mes desde a notificación da análise inicial para presentarlle ao concello os resultados analíticos. Se non se presenta a análise no dito prazo, darase como válido o resultado da análise inicial.

Se a análise contraditoria se fai no laboratorio municipal, o interesado poderá designar un técnico competente para que estea presente nos ensaios pertinentes e o resultado entregáraselle ao interesado no prazo dun mes desde a notificación da análise inicial.

Artigo 30:

No caso de que os resultados da análise inicial e da análise contraditoria non sexan coincidentes en canto ao cumprimento ou non dos límites do vertido fixados neste regulamento, procederase á realización dunha análise dirimente.

Esta análise practicarase nun laboratorio homologado que designe o concello ou naquel laboratorio que, aínda non estandar homologado, acorden o concello e a persoa interesada.

A análise realizarase sobre a mostra dirimente precintada que obre no poder do concello, conforme o procedemento ao que fan referencia os artigos 20 e 26.

Os resultados desta análise determinarán o cumprimento ou o incumprimento dos límites marcados no presente regulamento e o custo da análise será aboado por quen presente a análise que non coincida coa análise dirimente.

TÍTULO V

SUSPENSIÓN DE VERTIDOS E DE ACTIVIDADES, INFRACCIÓN E SANCIONES

Artigo 31:

O alcalde poderá ordenar, motivadamente, a suspensión inmediata do vertido dunha actividade cando careza da Auto-

rización de Vertido, o vertido incumpra as condicións establecidas na Autorización de Vertido ou na Comprobación de Vertidos líquidos, ou cando os vertidos supoñan unha situación de risco grave para as instalacións públicas de saneamento, a saúde pública ou o medio ambiente.

Igualmente, poderase aplicar cando as actividades realicen vertidos contaminantes ás augas superficiais ou subterráneas, ou desde a terra ao mar, que supoñan un risco grave ou que danen os recursos naturais e o medio ambiente do termo municipal de CARNOTA.

Poderá precintarse a actividade, dála provisionalmente de baixa do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento e adoptar conxuntamente outras medidas que permitan asegurar a efectividade da suspensión cautelar.

A actividade causante do vertido deberá adaptar o seu vertido ao establecido no presente regulamento e ás condicións particulares da Autorización de Vertido e da Comprobación de Vertidos, así como á lexislación ambiental aplicable vixente.

Consideraranse faltas ao presente regulamento as seguintes infraccións:

a).- A carencia de autorización ou permisos para o exercicio da actividade e posta en marcha e funcionamento das instalacións, así como o incumprimento das condicións esixibles nas propias autorizacións.

b).- A utilización da rede de sumidoiros sen a autorización do vertido, o incumprimento das condicións fixadas na autorización de Vertido e na Comprobación de Vertidos líquidos e o incumprimento da obriga de declarar as concentracións de calquera das substancias contaminantes ás que fai referencia a relación 1 do Anexo ao Título III do Regulamento do dominio público hidráulico.

c).- A resistencia ou demora para a instalación dos elementos correctores que foran esixidos na aplicación do presente regulamento.

d).- O incumprimento dos prazos de adaptación das actividades existentes ás esixencias que para unha correcta inspección se establecen nos artigos 15 e 24.

e).- A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidas ou clausuradas.

f).- A emisión de vertidos prohibidos ou que incumpran os límites para a súa tolerancia, así como a superación dos límites fixados para vertidos periódicos ou esporádicos no artigo 8.

g).- A falta de advertencia ao concello dunha situación de emerxencia ou de risco inminente para as instalacións da rede de sumidoiros ou de depuración, así como a falta de emisión do oportuno informe posterior á situación de emerxencia ou risco.

h).- A omisión das medidas procedentes para diminuír as descargas accidentais por encima dos límites do presente regulamento.

i).- A obstaculización do labor do inspector en relación coa vixilancia do cumprimento do presente regulamento.

l).- A falta de mantemento das instalacións de vertido que dificulten os labores de inspección.

Artigo 32:

As faltas serán sancionadas cunha multa de ata 3000 euros e coa clausura temporal ou definitiva das instalacións.

A sanción de clausura temporal o definitiva soamente poderá ser imposta despois da imposición de tres multas, coa excepción de que a falta cometida fose a carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade ou o incumprimento de calquera das condicións que sexan esixibles nas referidas autorizacións. En tal caso, poderase impor a clau-

sura ata que se concedan as autorizacións ou sexan cumpridas as condicións que foran esixibles.

Artigo 33:

A sanción de clausura levará implícita a suspensión temporal ou definitiva no subministro de auga de saneamento á actividade da que se trate e polo tempo que a dita clausura sexa acordada.

Artigo 34:

A imposición de sancións non exclúe, en ningún caso, a obriga da persoa titular da actividade de reparar o dano causado e de responder dos danos producidos ás instalacións municipais.

Neste último caso, a reparación será resolta polo Concello de CARNOTA con cargo ao infractor. Se non se puidera repor o seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados.

TÍTULO VI

NORMAS ADICIONAIS DE PROTECCIÓN. REXISTRO DE VERTIDOS. RÉXIME FISCAL.

Artigo 35:

Na elaboración de plans que desenvolvan o Plan Xeral de Ordenación Urbana de CARNOTA que afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preceptivo un estudo técnico sobre a previsible contaminación por vertidos residuais.

Artigo 36:

A non presentación da oportuna Declaración de Vertidos non exime da obrigatoriedade de establecer as medidas correctoras que procedan, esixibles de acordo coa normativa xeral e coas normas contidas neste regulamento.

Artigo 37:

O Concello de CARNOTA elaborará un inventario ou rexistro de vertidos conforme as Declaracións de Vertidos, Autorizacións de Vertido e Comprobacións de Vertidos co obxecto de identificar, clasificar e regular os vertidos non domésticos de augas residuais.

De acordo co anterior rexistro e co que resulte das comprobacións efectuadas, o Concello de CARNOTA cuantificará periodicamente as diversas clases de vertidos.

A empresa concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento desenvolverá as funcións de control rutineiro, en comunicación permanente cos servizos técnicos municipais competentes.

Artigo 38:

